



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA TRES DE AGOSTO DE 2012.**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D. Iván Méndez García.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

### **Non asisten e se excusan:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

### **SECRETARIO:**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 3 de agosto de 2012, sendo as catorce horas, na sala de sesións da Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE XUÑO DE 2012.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

### **2. ACORDO DE IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIRO DO CONCELLO DE MESÍA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## *“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO*

### *ACORDO DE IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIRO DO CONCELLO DE MESÍA.*

*D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando necesario o establecemento da taxa polo servizo da rede de sumidoiro do concello de Mesía, e a aprobación da correspondente Ordenanza fiscal.*

*Incorporados ó expediente os documentos preceptivos esixidos pola lexislación vixente, de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, proponho ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición da taxa polo servizo da rede de sumidoiro do concello de Mesía, e aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo da rede de sumidoiros do Concello de Mesía, que, de seguido, se transcribe.*

*Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo da rede de sumidoiros do Concello de Mesía.*

#### *Artigo 1. Fundamento e réxime*

*Este Concello, conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.r) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, establece a taxa por Servizo de Sumidoiro, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDI 2/2004 citado.*

#### *Artigo 2. Feito imponible.*

*1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de evacuación de excreto, augas negras e residuais mediante a utilización da rede de sumidoiro municipal.*

#### *Artigo 3. Suxeitos pasivos*

*1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que ocupen ou utilicen por calquera clase de título, incluso en precario, as vivendas e locais onde se preste o servizo.*

*2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, ós ocupantes ou usuarios, as cotas abonadas por razón da taxa.*

#### *Artigo 4. Responsables*

*A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, esixirase, no seu caso, ás persoas ou entidades e nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria e lexislación concordante.*

#### *Artigo 5. Cota tributaria*

*A cota tributaria pola prestación do servizo será de 14€ trimestrais*



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## *Artigo 6. Obriga de contribuír*

- 1. O tributo devéngase, e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible, considerándose que comeza a prestación do servizo cando teña lugar a acometida efectiva á rede xeral, previa autorización ou sen ela, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, procedan.*
- 2. O servizo de evacuación de excreto, augas negras e residuais será de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia todos os inmobles encravados a distancia menor de cincuenta metros dalgunha arteria da rede de sumidoiro deberán estar dotadas do servizo, devengándose a taxa aínda cando os suxeitos pasivos non realicen a acometida da finca á rede xeral.*
- 3. Unha vez incorporado o contribuínte ó correspondente Padrón fiscal, o devengo terá lugar o primeiro día de cada trimestre e o período impositivo comprenderá o trimestre natural.*

## *Artigo 7. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.*

*De conformidade co disposto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.*

## *Artigo 8. Declaración, liquidación e ingreso.*

- 1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.*
- 2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse conxuntamente cos recibos correspondentes á taxa por subministro de auga. No caso de non dispoñer do mencionado servizo, farase, igualmente, por períodos trimestrais.*

## *Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias*

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.*

## *Disposición derradeira.*

*A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día tres de agosto de 2012, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa*

*SEGUNDO: Proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, contados a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

*TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderán definitivamente*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*adoptados os acordos ata entón provisionais, procedéndose á publicación do acordo de imposición e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.*

*En Mesía, 30 de xullo de 2012.*

*O Alcalde , Asdo./ Mariano Iglesias Castro”*

O Sr. Alcalde manifesta que con esta ordenanza grávase o servizo de sumidoiro a uns cincuenta e catro usuarios do núcleo de Xanceda cunha taxa de catorce euros trimestrais, contía en concordancia co que se cobra no noso entorno, e que sufragará o trinta por cento do custe do servizo.

Manifesta o Sr. Álvarez que, dada a situación que están a pasar as administracións públicas, estou de acordo en que colaboren aqueles ós que se lles presta o servizo, engadindo o Sr. Alcalde que comparto o que vostede di, e xa que todos os veciños pagaron as obras, que eran imprescindibles para o solo urbán, procede agora que os beneficiados sufraguen a parte correspondente.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación e obtense o seguinte resultado: apróbase por unanimidade de concelleiros presentes

### **3. APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“PROPOSTA Ó PLENO*

#### *REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA*

*D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, resultando necesario aprobar normativa municipal nesta materia, de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA, que se transcribe como anexo ó presente acordo.*

*SEGUNDO: De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

*TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.*

*Anexo:*

## **REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MESÍA**

### **CAPITULO I**

#### **OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN DE CONDICIÓNS DE SERVIZO**

##### **Artigo 1. Obxecto do Regulamento.**

*1. O regulamento ten por obxecto establecer as normas de prestación dos servizos de subministro de auga potable e saneamento no municipio de Mesía, regular as relacións entre o Servizo e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigas básicas, así como recoller o ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.*

*2. A efectos de simplificación, no presente regulamento se denomina “abonado” ao usuario que teña contratado o servizo de Augas e/ou saneamento. O abonado debe ser titular do dereito de uso da finca, local ou industria.*

*Denomínase “concesionario” ao adxudicatario da xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento do concello de Mesía, en virtude do contrato administrativo que rexa a concesión do mesmo.*

*Denomínase “rede de distribución” ao conxunto de tubarias cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalados nas vías públicas a través das cales subministrarse auga ás distintas zonas da poboación.*

*Denomínase “ampliación de rede de distribución” ás extensións ou prolongacións realizadas a partir desta desde un punto xa abastecido ata o lugar de ubicación doutros inmobles aos que se pretende dotar do servizo de auga.*

*Comprende, así mesmo, este concepto aquelas modificacións que se realizan sobre unha rede existente cando a súa capacidade é notoriamente insuficiente para atender o abastecemento dunha ou varias zonas da poboación.*

*3. O servizo de Abastecemento de auga potable e saneamento do Municipio de Mesía seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo Público Municipal do Excmo. Concello de Mesía.*

*4. Os servizos a que afecta este regulamento quedarán sometidos permanentemente ao control do Concello de Mesía, quen poderá revisar os traballos realizados, no seu caso, polo concesionario, en todo momento o lugar, procurando no entorpecer a prestación dos mesmos.*

##### **Artigo 2. Obrigas do concesionario.**

*Corresponde ao concesionario, cos recursos a o seu alcance:*

*a) Conservar e explotar e, no seu caso, planificar, proxectar e executar as obras e instalacións necesarias para captar, regular, conducir, depurar, almacenar e distribuír auga potable á poboación do concello de Mesía, así como para recoller, conducir, separar e depurar as augas residuais para a súa vertedura ás canles públicas, de acordo coas condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicable, utilizando ao efecto os recursos e medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten das inversións que se realicen polo propio concesionario, ou lle sexan achegados.*

*A incorporación ao servizo de obras e instalacións con posterioridade ao comezo da concesión, esixirá a recepción das mesmas polo Concello e a firma da acta polo concesionario de adscrición das mesmas ao Servizo.*

*b) A tramitación e execución de acometidas de subministro de auga e saneamento a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro da*





# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e foran aprobadas pola corporación municipal.

c) Subministrar auga aos usuarios, garantindo a súa potabilidade con arreglo ás disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro (considerada, con carácter xeral, como inicio da instalación interior do abonado), así como efectuar a recollida de augas fecais ou residuais dende a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do subscritor co dominio público e a súa canalización ata a estación depuradora ou punto de vertedura establecida polo concello.

d) O concesionario deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo unha póliza de seguros adecuada.

e) Dispoñer dun servizo permanente para a recepción de avisos de avarías e para informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación do servizo.

f) Informar aos abonados, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no subministro como resultado das súas actuacións ou de terceiros.

g) Colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación, que os abonados e público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

h) Contestar as reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.

i) Aplicar os prezos e cadros de tarifas correspondentes aos distintos tipos de subministro que, en cada momento, se teñan aprobadas.

### **Artigo 3. Dereitos do concesionario.**

Ademais dos dereitos que ao concesionario lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do Servizo Público e das recoñecidas á empresa adxudicataria no contrato concesionario, con carácter xeral, terá os dereitos de inspeccionar, revisar e informar das instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.

### **Artigo 4. Obrigas do abonado.**

Son obrigas do abonado:

a) Todo abonado virá obrigado a pagar puntualmente os cargos que o Servizo lle formule de acordo cos prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos en que os mesmos se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ao concesionario.

b) Os abonados deberán, en interese xeral e no seu propio, comunicar así mesmo ao concesionario calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, vertidos incontrolados, etc.) que, ao seu xuízo, se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas.

Analogamente, deberán comunicarlle ao concesionario a existencia de obstrucións na rede de saneamento que produzan ou sexan susceptibles de producir desbordamentos, olores ou calquera tipo de molestias á cidadanía.

Igualmente, deberán notificarlle ao concesionario as manipulacións nas redes ou os usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

c) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos, aos empregados da empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

d) Cando o abonado desexe causar baixa no subministro, estará obrigado a interesarse ó Servizo dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura do contador, precintado do mesmo e facturar o consumo correspondente.

e) Cando nunha mesma finca, xunto á auga do Servizo Municipal, existise auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer nas instalacións interiores medios adecuados para evitar a entrada desas augas na rede xeral.

O concesionario non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións interiores, advertíndose aos abonados da responsabilidade en que poidan incorrer, de se producir, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

f) O abonado, baixo a súa exclusiva responsabilidade, non poderá:

1. Insertar nas tubarías de abastecemento, sen previa autorización do concesionario, bombas ou calquera aparato que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu entorno e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.
2. Revender ou ceder, incluso a título gratuito, a auga subministrada polo concesionario.
3. Modificar os accesos aos contadores e aparatos de medida, sen comunicación ao concesionario.
4. Utilizar a auga do servizo público para fines distintos aos contratados.
5. Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.
6. Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos.
7. Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.
8. Romper ou alterar os precintos de medida.

## **Artigo 5. Dereitos dos abonados.**

Serán dereitos dos abonados:

- a) Dispoñer permanentemente de subministro de auga potable, con arreglo ás condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación cas establecidas no presente regulamento e as demais disposicións de aplicación.
- b) Ser informado de tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación co seu subministro, así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

## **Artigo 6. Reclamacións dos abonados.**

1. Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido á Dirección do Servizo de augas ou ao Concello.
2. Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado e estar ao día no pago dos recibos correspondentes.
3. As reclamacións que se formulen por danos e perdas que se causen polo concesionario rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extracontractual.
4. As reclamacións faranse dentro das primeiras 48 horas despois de producirse os danos.

## **CAPITULO II**

### **PÓLIZA DE ABONO, SUBMINISTRO DE AUGA e CONEXIÓN DE VERTIDOS**

#### **Artigo 7. Pólizas de abono.**

Denomínase póliza de abono ao contrato subscrito entre o servizo/concesionario e o abonado, que inclúe os termos e condicións pactados para o subministro de auga.

Para a petición do subministro:



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- No caso de vivenda nova o usuario presentará
- O boletín de instalación de fontanería da Delegación de Industria
- No caso dunha obra, o peticionario presentará a licenza para a mesma, realizándose un contrato de auga de obra que se terá que dar de baixa unha vez finalizada.
- No caso dunha industria ou comercio o usuario presentará
- O boletín de instalación de fontanería da Delegación de Industria
- Declaración do tipo e cantidade dos vertidos que se prevén verter á rede

En ningún caso se procederá ao subministro se non están realizados os anteriores requisitos.

Nos casos en que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral.

Non se subscribirá contrato de subministro a aquel usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal fose a ubicación do novo subministro solicitado.

Baixo ningún concepto se farán concesións gratuítas, calquera que sexa o carácter e natureza do peticionario, considerándose caducadas as que actualmente poidan existir.

Tódolos acordos anteriores quedarán en suspenso á entrada en vigor do presente regulamento.

O traslado de domicilio e ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato, esixe novo contrato, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran tódolos requisitos deste regulamento.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, agás no especificado no Artigo 10º.

## **Artigo 8. Solicitude de acometida. Utilización do subministro.**

1. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable e de evacuación de augas residuais deberá presentarse, de forma independente, para cada finca que, legal ou fisicamente, constituía unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dunha subministración de auga ou dun colector de verteduras por outra finca ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertenzan ao mesmo dono.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concesionario, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible, poderá contratar, á súa costa, acometidas independentes.

4. O concesionario está autorizado para vixiar as condicións e forma en que os abonados utilizan os servizos de abastecemento e saneamento.

## **Artigo 9. Servizo a novas edificacións e novas urbanizacións.**

1. As extensións das redes de abastecemento e/ou saneamento para edificacións novas ou antigas que non o posúan serán a cargo do abonado e pasarán á rede municipal.

2. As instalacións das redes de abastecemento e saneamento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello, e previo informe favorable do concesionario. A traza destas redes será sempre polos viais públicos.

3. O permiso de acometida de subministro para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles ubicados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:





## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- Os esquemas das redes interiores de distribución, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ter sido aprobados polo concesionario do servizo e proxectados por técnico competente, debendo ser executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas técnicas do concesionario ou que teña previsto, a tales fins, o propio Concello.

- O concesionario poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas hidráulicas e ensaios necesarios, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten aos materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

4. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de abastecemento ou saneamento nos posibles edificios, solares ou parcelas da mesma, o cal é competencia exclusiva do concesionario.

5. O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada por o concesionario, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que houberan de facerse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas po a urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse sempre polo concesionario e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

6. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo concesionario, e informará ao Concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servizos de abastecemento e saneamento, unha vez que lle sexa ordenado polo Concello.

7. Poderase denegar a solicitude de acometida ou acometidas ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a documentación e requisitos previos para a conexión ás redes públicas.

b) Cando a cota de vertedura do inmovible para o que se solicita a acometida da rede de saneamento sexa inferior á da rede de condución xeral correspondente, salvo que o propietario instale, á súa custa, o sistema de bombeo axeitado.

c) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

d) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se teñan instalado, a cargo do abonado, o grupo de elevación e depósito correspondentes.

O concesionario poderá, se o abonado o acepta expresamente, contratar o servizo sen responsabilizarse das deficiencias producidas pola falta de presión, termo este que quedará debidamente reflexado no contrato.

e) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento se considere excesiva para o servizo, e non se teñan instalado, a cargo do abonado, as medidas de redución de presión adecuadas.

### **Artigo 10. Tomas de auga provisionais e temporais.**

1. Excepcionalmente, o concesionario poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter provisional ou temporal para obras.

2. En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para unha acometida de obra. Ao finalizar as obras, o construtor ou promotor comunicará este feito ao concesionario e quedará clausurada automaticamente esta acometida, rexéndose o subministro polas condicións xerais establecidas.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3. *Ata a firma das pólizas definitivas do servizo, manterase en vigor a póliza do servizo provisional para obra, sendo o construtor ou solicitante autorizado o responsable de abonar toda a auga consumida, a que se lle facturará á tarifa de obra, independentemente do uso que tivera.*

## **Artigo 11. Contratante e titular do contrato. VER CONTRATO**

1. *O contratante do subministro e/ou saneamento será o titular ou titulares da finca, local ou industria a abastecer, o quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo. Os dous servizos serán dados de alta a nome da mesma persoa.*

*No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, coa autorización da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ao concesionario, no caso de incumprimento do contrato de subministro e saneamento por parte do inquilino.*

2. *Non poderá ser abonado do subministro de auga e saneamento quen, téndoo sido con anterioridade para outra finca, local ou industria, fora penalizado con suspensión de subministro ou resolución do contrato por falta de pago ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigacións, cos recargos, intereses e gastos que procedesen.*

3. *Toda acometida destinarase exclusivamente aos usos para os que tivera sido solicitada e concedida, debendo comunicar o abonado previamente ao concesionario calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.*

4. *Nos casos de cambio de titularidade da finca, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato de subministro, ambos deberán comunicar fehacientemente, dentro do prazo dun mes, o cambio habido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministro a nome do novo titular.*

5. *Nos casos nos que os titulares do contrato de subministro foran os inquilinos, o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario á que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra similar a seu nome.*

*Se houberse modificación de propiedade da finca, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministro e saneamento, o novo propietario entenderase inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puideran causar ao concesionario os inquilinos do inmovible, cando non os tiveran asumido estes.*

6. *Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratar os mesmos o seu representante legal, debidamente acreditado.*

7. *Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal.*

## **Artigo 12. Altas e baixas no servizo.**

*Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do interesado, e subscripción da correspondente póliza na que se fará constar as características do subministro e que producirá efectos económicos dentro do trimestre en que comece o disfrute do servizo e coa facturación correspondente ao trimestre completo.*

*Cada vez que se produza unha alta pagaranse as taxas municipais de nova acometida de acordo co establecido na Ordenanza Fiscal.*

*As baixas solicitaranse polo titular do contrato subscribindo a correspondente solicitude e previa comprobación e pago dos recibos pendentes e do trimestre no que se solicita a baixa, pasarase orde para corte de subministro e precintado da chave de paso. Unha vez producida a baixa, calquera outra acometida futura para a mesma vivenda ou local será considerada como nova, sen ter en conta que nese lugar xa existiu a prestación do servizo.*



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

### **Artigo 13. Tipos de subministro.**

*A prestación do servizo clasificarase segundo o especificado na Ordenanza Fiscal polos tipos de tarifas, pero como norma xeral será:*

**1. Usos domésticos.** *Son aqueles nos que a auga utilízase exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal.*

*Aplícase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.*

**2. Usos comerciais.** *Son aqueles nos que a auga utilízase para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.*

**3. Usos industriais.** *Son aqueles nos que a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción.*

*Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.*

*Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análise que realizará o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados ao efecto, determinarase unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.*

**4. Usos municipais.** *Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais.*

*O Concello autoriza ao concesionario a instalar contadores en todos e cada un dos puntos de subministro que lle afecten, calculándose polos servizos técnicos do concesionario os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador.*

*Non se considerarán consumos municipais os daquelas dependencias que sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.*

**5. Uso para obras.** *Son aqueles nos que a auga se usa na construción.*

**6. Usos especiais.** *Considéranse subministro especial aqueles non incluídos nas modalidades anteriores.*

### **Artigo 14. Causas de suspensión do subministro.**

**1.** *Para a suspensión do servizo de abastecemento a un abonado o concesionario deberá seguir o procedemento legal previsto ao efecto.*

*A utilización inadecuada por parte dun abonado do servizo de saneamento ocasionará a suspensión do servizo de abastecemento, como medida complementaria.*

**2.** *O concesionario poderá suspender o servizo de abastecemento e/ou saneamento a un abonado nos seguintes casos:*

*a) Se non paga, puntualmente, o importe dos servizos conforme ao estipulado na ordenanza fiscal.*

*b) Por falta de pago, das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude ou no caso probado de reincidencia no mesmo.*

*c) En tódolos casos nos que o abonado empregue a auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.*

*d) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo.*

*e) Cando o abonado non teña instalado contador (ou se encuentre avariado e non proceda á substitución do mesmo a pesar da comunicación do servizo) para control do consumo de auga.*

*f) Cando o abonado manipule o equipo de medida falseando desa forma as medicións do consumo realizado.*



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

g) Cando o abonado non permita a entrada no local a que afecta a póliza do servizo, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado polo concesionario e provisto do seu correspondente documentación acreditativa, trate de revisar as instalacións.

h) Por negligencia do abonado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.

i) No caso de realizar vertidos non autorizados que poidan producir danos nas instalacións de saneamento ou depuración, aténdose o concesionario á lexislación vixente.

j) No caso de que o abonado utilice a auga para rego de hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual, cando por causas excepcionais, o Alcalde prohiba os consumos para estes usos, e así o dispoña mediante bando.

3. Os gastos orixinados para o restablecemento serán por conta do abonado, que non recuperará o servizo ata que proceda a seu pago.

## **Artigo 15. Reservas de auga.**

1. Concello e concesionario poderán establecer as condicións e prioridades no uso de auga potable no suposto de restricións por sequía, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga, utilizando o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada, e, comunicando as medidas adoptadas, informarase ás autoridades competentes e comunicarase a través dos medios de difusión máis adecuados

2. Os abonados que prevexan utilizar a auga para alimentar aparatos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución de presión en subministro, en tódolos locais nos que se desenvolve calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade de persoas e bens, e, especialmente, en centros hospitalarios, almacenes de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais deberán dispoñer de depósitos de reserva con capacidade suficiente e adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garantir a continuidade do servizo, sen prexuízo do que estableza as regulacións específicas de cada sector.

Igualmente as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos deberán dispoñer de depósitos de reserva, de forma que quede asegurado su autoabastecemento mínimo durante, ao menos, 24 horas.

O prestador do servizo quedará exonerado de responsabilidade civil nestes casos, que polas súas características especiais deberán proverse de medios de reserva.

3. O concesionario no será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministro motivada por avarías ou pola normal manipulación da rede.

## **Artigo 16. Depósitos e grupos de presión particulares.**

1. En tódolos edificios nos que a presión da rede no punto de acometida poida ser insuficiente para o correcto abastecemento, estarán obrigados á instalación dun grupo elevador e depósito que garanten o abastecemento regular a tódalas vivendas ou locais da finca.

2. Como medida de hixiene e control, recoméndase que estes depósitos dispoñan dos medios adecuados para a súa fácil e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriamente, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugue e tubo de ventilación.

O desaugue do depósito de reserva irá conectado á rede de saneamento.

3. Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriamente ao tramo de acometida interior, é dicir, con posterioridade ao emprazamento do contador.

## **Artigo 17. Avarías en instalacións interiores.**

1. Enténdese por instalación interior de abastecemento a comprendida a partir da chave de rexistro de acometida. Quedará excluído o contador como parte da instalación interior.





## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. O propietario dun edificio será responsable das avarías que se produzan na instalación interior e realizará, a seu cargo, coa maior rapidez que lle sexa factible e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, a reparación das avarías que se presenten a partir da Chave de rexistro e antes do contador. Transcorrido dito prazo sen que se teña reparado a avaría, o concesionario procederá ao corte de subministro ata que se teña efectuado a reparación e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de reanudar o servizo.

3. Se, a xuízo do concesionario ou de técnico competente, determinárase que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, o concesionario poderá suspender o subministro de forma inmediata, poñéndoo en coñecemento do interesado. Neste caso, como en aqueles outros nos que exista necesidade de acometer a reparación con urxencia, o concesionario informará ao Concello e poderá repercutir ao abonado os gastos en que se incorrerá, debidamente xustificados.

### **Artigo 18. Sistemas contraincendios.**

1. A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contraincendios esixirá a firma dun contrato específico entre o concesionario e o abonado.

Dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministro ordinario e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles. A utilización da rede contra incendios será unicamente con ese fin.

2. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na finca en que se instala e non poderá ser conectada derivación algunha para outros usos.

3. Nas instalacións contraincendios instalaranse aparatos medidores de consumo. En caso de incendio, dentro das corenta e oito horas seguintes ao mesmo, deberá comunicarse ao concesionario a produción do incendio así como tódalas demais circunstancias relacionadas co mesmo. Ditos feitos poderán ser comprobados polo concesionario ou polos servizos municipais. Caso de non estar xustifico o uso da rede contra incendios a auga consumida a través destas instalacións facturaránse consonte ás tarifas vixentes en cada momento.

### **Artigo 19. Bocas de rega contra incendios.**

1. O concesionario situará, a petición do Concello ou dos abonados e con cargo ao petionario, as bocas de rega contra incendios que lle sexan solicitadas, consonte coas instrucións que en cada caso, sinale o Concello.

2. En caso de sinistro, o Concello ou os abonados, deberán, dentro das corenta e oito horas seguintes ao mesmo, deberá comunicarse ao concesionario a produción do sinistro así como tódalas demais circunstancias relacionadas co mesmo. Ditos feitos poderán ser comprobados polo concesionario ou polos servizos municipais. Caso de non estar xustifico o uso da rede contra incendios a auga consumida a través destas instalacións facturaránse consonte as tarifas vixentes en cada momento.

### **Artigo 20. Subministro temporal para obras de urbanización e actuacións en dominio público.**

1. Para a execución de obras de urbanización e de aquelas instalacións e atraccións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o concesionario autorizará, a petición da Entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rega ou hidrantes.

2. Cando o solicitante sexa o contratista da obra ou o propietario da actuación, deberá constituír previamente ante o concesionario para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ao dobre do valor de reposición da boca de rega ou hidrante. O depósito será devolto ao contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización do subministro, se non se houberan producido danos.





# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3. O consumo de auga a que se refire o presente artigo será abonado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que o concesionario houbese instalado a tal efecto.

4. Salvo os casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rega ou hidrantes só estará permitida aos servizos públicos de extinción de incendios e a outros servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pago os consumos que se produzan pola utilización daquelas.

## **CAPITULO III**

### **SERVIZO DE ABASTECIMENTO**

#### **1.- ACOMETIDAS**

##### **Artigo 21. Acometidas de abastecemento.**

a) Se denomina rede de distribución de auga potable ao conxunto de tubarias, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalado en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas para distribuír a auga á poboación.

b) Enténdese por acometida de abastecemento, o ramal que, partindo dunha tubaria de distribución, conduza a auga ao pe do edificio ou ao límite da propiedade que se desexa abastecer. Esta acometida comprende dende o collarín de toma na tubaria xeral ata a chave de rexistro situada nunha arqueta de rexistro ao pe da edificación ou límite da propiedade. Estará formada por unha tubaria única de características específicas segundo o caudal e presión de auga a subministrar.

No caso de execución de acometidas clandestinas, por parte do propietario, suspenderase o servizo ata que teña a autorización correspondente e unha vez aprobada abonará os custes totais de execución da acometida, previamente á realización do contrato.

c) Como norma xeral, non se concederán illadamente acometidas de subministración de auga potable nin de vertedura de augas residuais, e tramitaranse simultaneamente ambas as dúas solicitudes onde existan ambos os dous servizos. As obras correspondentes executaranse, na medida do posible, ao mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

##### **Artigo 22. Características da acometida.**

A determinación das características das novas acometidas ou da ampliación do servizo dun inmovible e a súa instalación, serán sempre competencia exclusiva do servizo de augas, quen realizará os traballos correspondentes a cargo do petionario segundo os prezos aprobados polo Concello. Así mesmo o servizo determinará as modificacións que na rede existente deben efectuarse como consecuencia da petición e que tamén satisfará o petionario, entendéndose que esta modificación pertence, a tódolos efectos, ao Patrimonio Municipal. Caso de non abonar o solicitante esta modificación non se procederá ao subministro. Toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable e/ou acometida de vertedura de augas residuais, fará unha solicitude ao servizo Municipal de augas, o cal comprobará/ realizará un informe das condicións necesarias para a conexión que comunicará/ entregará no Concello para que procedan ao seu estudo e aprobación se o consideran oportuno.

A aprobación por parte do Concello será trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal, así como un orzamento, segundo tarifa vixente, do custo de ditas acometidas, que satisfará o solicitante, antes de dar comezo ás obras.

##### **Artigo 23. Subministro a unha urbanización.**

No caso de solicitude de subministro a unha urbanización privada poderá facerse de dous modos distintos :

- Se os propietarios da urbanización desexan que a rede xeral interior siga sendo privada e con o consentimento do Concello e do concesionario, se lle instalará un contador xeral no límite da rede municipal e se lle facturará a nome da comunidade o importe da lectura total do mesmo, con tantos



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*mínimos e/ou cotas de servizo e mantemento como vivendas e puntos de consumo comunitario existan no interior da urbanización.*

*Neste caso, tódalas avarías que se produzan a partir do contador xeral serán por conta da comunidade.*

*- Se queren instalar contadores individuais de consumo, terán que ceder a rede xeral que pasará a ser de propiedade municipal, aplicándose a cada vivenda o especificado neste regulamento e procedéndose por parte do servizo á instalación das acometidas individuais e os contadores correspondentes, así como os dos consumos comunitarios que serán facturados á comunidade.*

*- Antes da recepción da rede por parte municipal, inspeccionaranse os materiais que a constitúen e efectuaranse as probas de presión e estanquidade que o Concesionario considere necesarias, con cargo ao promotor ou propietario da urbanización. Se o resultado das probas é satisfactorio procederase á recepción.*

## **Artigo 24. Conservación de acometidas.**

*Se na Ordenanza Municipal estivese prevista cota de conservación de acometidas de abastecemento, as reparacións das avarías nas acometidas e que sexan debidas ao seu normal uso corresponderán ao Servizo de augas con cargo a esta cota, sen que se produza ningún outro cargo ao abonado por este motivo.*

*Se a avaría fose debida a outras razóns diferentes ás do seu normal uso, a reparación ou substitución será realizada polo Servizo de augas e se facturará ao abonado ou ao causante da avaría, o importe da reparación.*

## **2.- CONTADORES**

### **Artigo 25. Contadores.**

*1. Os contadores ou medidores de caudais de subministro de auga potable serán dos tipos aprobados e verificados polas Delegacións de Industria ou Organismos competentes.*

*2. O concesionario manterá unhas existencias de contadores, adecuadas ás necesidades e caudais de subministro, para a súa venda aos abonados que o soliciten. A venda de ditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas aprobadas polo Concello.*

*3. É obrigación do abonado a conservación en bo estado do aparato de medida e do recinto en que se encontra, así como do acceso ao mesmo.*

*4. Tódolos puntos de consumo e de subministro deberán dispoñer de contadores para controlar os caudais tanto rexistrados como subministrados.*

*5. A empresa comprometerase a efectuar a instalación do contador nun período non superior aos dous días laborable posterior ao de contratación.*

*6. O Concesionario deberá comprometerse a colocar no prazo de seis meses, os contadores aos usuarios que actualmente non o teñan, incluídas as dependencias municipais. Os traballos e elementos necesarios para este fin, serán de conta exclusiva dos abonados.*

### **Artigo 26. Colocación e conservación dos contadores.**

*1. As operacións de conexión e desconexión dos contadores só poderán executalas os empregados do servizo, prohibíndose a calquera outra persoa facer calquera operación neles. Así mesmo queda prohibido alterar os precintos que como garantía levan colocados os contadores. Se por calquera accidente se rompera un deles, pasarase inmediatamente aviso ao servizo, quen levará ao efecto a reposición o antes posible.*

*2. No caso de existencia de cota de conservación de contadores, a substitución ou reparación dos inutilizados ou avariados polo seu normal uso ou antigüidade corresponderá ao concesionario con cargo a esta cota. De non existir esta cota os gastos correspondentes serán por conta do abonado.*

*3. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados por outras razóns diferentes ás do seu uso normal (xeadas, actos vandálicos, etc.,) será por conta do abonado, caso no*



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

que se lle notificará por escrito dándolle un prazo de 7 días para persoarse nas oficinas do servizo e abonar o importe correspondente á reparación ou substitución. De non facelo así, procederase ao corte do subministro.

4. O abonado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes.

O concesionario guiarase, sen embargo para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparatos de medida do Servizo, non vindo obrigado a aceptar as reclamacións que se apoiem en lecturas dos contadores particulares no conxionados polo concesionario.

En caso de rescisión de contrato ou de contadores conxionados por persoal distinto ao do Servizo Municipal de Augas, o servizo procederá a retirar o contador do abonado que quedará depositado nas oficinas do servizo, e poderá pasar a recollelo dentro dos tres meses seguintes á súa retirada.

### **Artigo 27. Contadores individuais e contadores comunitarios.**

1. Toda vivenda unifamiliar, piso ou local comercial (independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ao exercicio profesional ou á prestación de calquera servizo) disporá dun contador individual debidamente verificado pola Delegación de Industria. Non se autorizará a instalación de contadores comunitarios.

2. No caso de que existan comunidades de propietarios ou edificios con contador xeral instalados de antigo, o mínimo de abono obrigatorio e cotas de servizo e/ou mantemento, será o que corresponda á suma de tantos mínimos e cotas como número de vivendas ou locais constitúan a comunidade, incluídos os subministros a servizos propios da mesma. A Comunidade de Proprietarios será a responsable do pago do recibo correspondente.

Neste caso considerarase un número de vivendas ou locais, a efectos de facturación, aqueles que poidan ser utilizadas de forma independente, aínda cando sexan dun mesmo propietario, estean ocupadas ou valeiras.

3. Aos subministros existentes sen contador medidor de caudal ou co contador avariado se lle establecerá un período de 7 días para a instalación de dito aparello, durante o que se facturará o estimado polo servizo en función das características do subministro, e alomenos o dobre do mínimo marcado pola ordenanza en cada tipo de subministro. Pasado dito período procederase ao expediente de corte de subministro en caso de que sexa abonado ao Servizo.

4. Nos casos en que nun mesmo edificio existan distintos tipos de subministro instalaranse contadores independentes para cada un deles, pero se debido a esixencias técnicas, soamente se pode instalar un, o consumo total tarifarase con arreglo á tarifa máis alta correspondente aos englobados no contador único.

5. Non se permitirá estender unha mesma concesión a varias fincas ou edificacións, inda no caso de estar contiguas e pertencer ao mesmo dono.

6. Os contadores estarán colocados nun lugar adecuado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso instalada fronte á finca de que se trate e sempre no exterior da vivenda. No caso de vivendas colectivas situaranse nun compartimento ou caixa, mediante o sistema chamado de batería ou similar, de tal forma que o empregado lector do servizo poida libremente anotar as indicacións de tódolos contadores nun só acto.

### **Artigo 28. Lectura de contadores.**

1. O abonado estará obrigado a facilitar o acceso ao contador ao persoal do concesionario, que deberán levar a oportuna identificación.

A lectura dos contadores polo concesionario deberá facerse no período comprendido entre as nove e as vinte horas.



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. A lectura periódica dos contadores será realizada por empregados do concesionario, debidamente acreditados. A lectura tomada determinará o consumo do abonado. A lectura e facturación de consumos farase trimestralmente.

3. Cando, por circunstancias alleas á vontade do concesionario, non fose posible a lectura do contador do abonado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando no buzón de correos do abonado ou similar, unha tarxeta na que reflexará esa circunstancia e na que o abonado poderá reflexar a lectura efectuada por o mesmo.

O abonado deberá devolver o impreso de lectura debidamente cumprimentado antes dos seis días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como se o consumo fose cero nese período e sen que dea lugar a descontos por eses mínimos en facturacións posteriores.

## **Artigo 29. Comprobación de contaxe do contador.**

1. No caso de que un abonado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ao rexistrado polo seu contador, poderá solicitar a súa revisión ao concesionario. O abonado deberá depositar a tal efecto a fianza ou tarifa correspondentes á comprobación .

2. Si se probara que o funcionamento do contador é correcto, facturarase a comprobación por importe da fianza. Se o funcionamento do contador fora incorrecto, devolverase ao abonado a cantidade depositada como fianza, resultando os gastos de comprobación ao cargo do concesionario.

As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou Organismo equivalente.

No caso de comprobación de funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o proponente sexa o abonado, o concesionario procederá a refacer as liquidacións por consumo de auga, corrixidas nos porcentaxes de desviación detectados, correspondentes aos tres meses anteriores ao momento da petición de verificación polo abonado.

3.- Se o abonado non estivese de acordo coa comprobación realizada polo concesionario poderá solicitar da Delegación de Industria a verificación correspondente e correrán a seu cargo tódolos gastos que orixine esta, así como os gastos de desmontaxe e montaxe do contador por persoal do concesionario, no caso de que a verificación dese como resultado que a medición do contador é correcta.

## **CAPITULO IV**

### **SERVIZO DE SANEAMENTO**

#### **Artigo 30. Servizos que se van realizar.**

Denomínase rede de saneamento o conxunto de colectores e rexistros, con todos os elementos de bombeo, control e accesorios, instalados en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas, que serven para a evacuación das augas residuais ata a canle pública ou as estacións depuradoras.

a) A execución das instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento.

b) A limpeza da rede xeral de sumidoiros, levando os residuos ás instalacións municipais previstas e autorizadas para tal fin.

#### **Artigo 31. Acometidas de saneamento.**

a) Enténdese por acometida de saneamento a canalización de conducción das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende dende a arqueta situada no bordo do terreo ou propiedade pública ou privada ata o pozo de rexistro de saneamento ao que está conectado.

Nas instalacións onde puidese faltar o pozo de rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, no colector xeral.





## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*As instalacións que non se axusten a estas normas serán obrigadas a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo do subscritor.*

*Para os efectos das obrigas do concesionario, este deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento ao que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do subscritor serán a cargo deste.*

*b). As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente polo concesionario, e comprenden dende a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do subscritor ata o seu entroncamento no pozo de saneamento ou no colector xeral.*

*Serán a cargo do subscritor, conforme ao presuposto presentado ao construtor, propietario ou subscritor interesado, e segundo o cadro de prezos autorizado polo concello.*

*c). As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade suporán a realización polo concesionario dun orzamento que lle será presentado ao subscritor para proceder ao cambio de acometida.*

*Se o subscritor non se fixese cargo deste orzamento, o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos de mal funcionamento da acometida de saneamento, que serán de conta exclusiva do subscritor.*

### **Artigo 32. Execución de acometidas de saneamento.**

*1. A sección das conducións, tipo de rexistros e demais características da acometida rexeranse, polo demais, segundo as normas municipais de aplicación e as disposicións de planificación urbanística correspondente.*

*2. As obras de construción e instalación dos colectores e acometidas de saneamento axustaranse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas nas ordenanzas municipais de edificación, e ao disposto na normativa urbanística aprobada polo concello. O concesionario non poderá aplicar outros criterios, salvo que, debidamente cubertos, fosen aprobados polo concello.*

*3. Toda acometida de rede de sumidoiros deberá dispoñer dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do subscritor.*

*4. A limpeza das acometidas de saneamento será executada polo subscritor, no caso de realizala o concesionario, percibirá do subscritor o importe debidamente facturado pola devandita limpeza como contraprestación.*

*5. Para proceder á execución da acometida de saneamento, o propietario do inmovible ou, se é o caso, o subscritor deberá depositar con anterioridade ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, conforme ao cadro de prezos aprobado polo concello, realizaría o concesionario.*

### **Artigo 33. Modificación de acometidas de saneamento por variación das condicións iniciais de solicitude.**

*1. Cando, con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incrementa o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertedura, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar do concesionario as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación das pólizas de servizo a que se dese lugar. As novas acometidas executaranse polo concesionario con cargo ao propietario ou subscritor, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.*

*2. No caso de que os servizos técnicos do concello ou do concesionario descubrisen a realización de obras de saneamento non comunicadas ao servizo, levantarase acta deste feito, e o concesionario proporalle ao concello a actuación que corresponda.*

*A execución de obras de saneamento que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste regulamento, tanto directa como indirectamente, e a ocultación de datos das*





# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

acometidas poderá motivar a inmediata suspensión do servizo e o cargo por parte do concesionario ao subscritor ou usuario dun ano de utilización do servizo ás tarifas vixentes.

## **Artigo 34. Conexión á rede de sumidoiros e mantemento de fosas sépticas particulares.**

1. A autorización para a vertedura das augas residuais será aprobada polo concello. Está prohibida a vertedura á rede pública de saneamento das augas residuais daqueles que non sexan aboados do servizo.

2. Os subscritores ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de cincuenta metros da rede pública, e quedarán obrigatoriamente fóra de servizo todas aquelas fosas sépticas que se atopen a esa distancia da rede pública de saneamento.

Para iso, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a custa do subscritor, salvo que se prevexan formas de financiamento diferentes por parte do concello.

3. Os edificios fronte aos que exista rede de colectores pública verterán a esta directamente as augas residuais a través da correspondente acometida, sen atravesar propiedades de terceiros.

4. Nos casos de existencia de fosas sépticas particulares, é responsabilidade dos propietarios a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.

## **Artigo 35. Instalación interior e bombeos particulares de augas residuais.**

1. As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg/cm<sup>2</sup>.

2. Naqueles casos en que os desaugadoiros dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, o propietario ou propietarios instalarán ao seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública.

## **Artigo 36. Clasificación de verteduras.**

1. Para os efectos do presente regulamento, as verteduras clasifícanse nas modalidades seguintes:

a) Augas de refugallo domésticas ou augas residuais domésticas.

b) Augas de refugallo industriais, ou augas residuais industriais.

2. Considéranse como augas residuais domésticas as que proceden de uso de auga de abastecemento en vivendas, sexan individuais ou colectivas.

Estas augas residuais carrexarán, salvo casos excepcionais, os refugallos procedentes da preparación, cocción e manipulación dos alimentos, as augas de lavado de roupas e utensilios de cociña, excrementos humanos e materiais biodegradables producidos no normal desenvolvemento das actividades domésticas.

Non se permite a incorporación ás augas residuais domésticas de disolventes, pinturas, ácidos, substancias sólidas non degradables, plásticos nin aqueles elementos que poidan provocar obturación das conducións ou o seu dano. Evitaranse, igualmente, aqueles elementos que sexan de difícil ou imposible eliminación nas depuradoras de residuais e cuxa relación proporcionará, por pedimento dos subscritores e usuarios, o concesionario.

2. Considéranse como augas residuais industriais as procedentes do uso da auga de abastecemento en establecementos industriais, naves e locais comerciais de todo tipo, que poidan ser susceptibles, como consecuencia da actividade destes establecementos, de carrexar outros refugallos diferentes, ademais, ou en vez, dos presentes nas augas residuais definidas como domésticas.

## **Artigo 37. Prohibicións e limitacións das verteduras.**

1. Queda totalmente prohibido verter, directa ou indirectamente, á rede de sumidoiros todos os compostos e materias que, de forma non exhaustiva e agrupados por afinidade ou similitude de efectos, se sinalan a continuación:

1.1. **Mesturas explosivas:** líquidos, sólidos ou gases que, por razón da súa natureza e cantidade, sexan ou poidan ser suficientes, por si mesmos ou en presenza doutras substancias, de provocar



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

lumes ou explosións. En ningún momento, dúas medidas sucesivas efectuadas mediante un explosímetro no punto de descarga á rede deben dar valores superiores ao 5% do límite inferior de explosividade, nin tampouco unha medida illada debe superar nun 10% o citado límite.

Prohíbense expresamente: os gases procedentes de motores de explosión, gasolina, queroseno, nafta, benceno, tolueno, xileno, éteres, tricloroetileno, aldehidos, cetonas, peróxidos, cloratos, percloratos, bromuros, carburos, hidruros, nitruros, sulfuros, disolventes orgánicos inmiscibles en auga e aceites volátiles.

**1.2. Refugallos sólidos ou viscosos:** refugallos sólidos ou viscosos que provoquen ou poidan provocar obstrucións no fluxo da rede de sumidoiros ou interferir o axeitado funcionamento do sistema de augas residuais.

Os materiais prohibidos inclúen, en relación non exhaustiva: graxas, tripas ou tecidos animais, esterco, ósos, pelos, peles ou carnaza, entrañas, sangue, plumas, cinzas, escouras, areas, cal, anacos de pedra ou mármore, anacos de metal, vidro, palla, labras, recortes de céspede, trapos, grans, lúpulo, anacos de papel, madeiras, plástico, alcatrán, residuos asfálticos, residuos do procesado de combustibles ou aceites lubricantes e similares e, en xeral, sólidos de tamaño superior a 1,5 cm. en calquera das súas dimensións.

**1.3. Materiais colorantes:** líquidos, sólidos ou gases que, incorporados ás augas residuais, dean coloracións que non se eliminan no proceso de tratamento empregado nas estacións depuradoras municipais, tales como, lacas, pinturas, vernices, tintas etc.

**1.4. Residuos corrosivos:** líquidos, sólidos ou gases que provoquen corrosión na rede de saneamento ou nas instalacións de depuración, tanto nos equipos como nas instalacións, e sexan capaces de reducir a vida útil destas ou de producir avarías. Inclúense, entre outros, os seguintes: ácidos clorhídrico, nítrico, sulfúrico, carbónico, fórmico, acético, láctico, butílico, lixivias de sosa ou potasa, hidróxido amónico, carbonato sódico, augas de moi alta salinidade e gases como sulfuro de hidróxeno, dióxido de carbono, dióxido de xofre e, en xeral, todas aquelas substancias que, ao reaccionaren coa auga, poidan dar lugar a solucións corrosivas como sulfatos, cloruros...

**1.5. Refugallos radioactivos:** refugallos radioactivos ou isótopos de vida media ou concentración tales que poidan provocar danos nas instalacións depuradoras e/ou perigo para o seu persoal de mantemento.

**1.6. Residuos que produzan gases nocivos:** entenderanse como tales os residuos que produzan gases nocivos na atmosfera da rede de saneamento, colectores e/ou emisarios en concentracións superiores aos límites seguintes:

Monóxido de carbono (CO): 100 cm<sup>3</sup>/m<sup>3</sup> de aire

Cloro (Cl<sub>2</sub>): 1 cm<sup>3</sup>/m<sup>3</sup> de aire

Sulfhídrico (SH<sub>2</sub>): 20 cm<sup>3</sup>/m<sup>3</sup> de aire

Cianhídrico (CNH): 10 cm<sup>3</sup>/m<sup>3</sup> de aire

**1.7. Materias nocivas e substancias tóxicas:** sólidos, líquidos ou gases en cantidades tales que, por si sos ou por interacción con outros refugallos, poidan causar molestias públicas ou perigo para o persoal encargado do mantemento e conservación da rede de colectores e estacións depuradoras.

2. En xeral, todo tipo de substancias coas concentracións referidas no anexo número 2 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas ou naquelas disposicións globais vixentes en cada momento que resulten de aplicación, e que o concesionario porá á disposición dos subscritores para a súa eventual consulta, entre outros, o decreto 133/2008, de 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental.

3. Con carácter xeral, quedará prohibida a vertedura de substancias ou materias que teñan a condición de tóxicos ou perigosos, segundo a lexislación vixente de residuos e lexislación



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

concordante, entre outras, o Real Decreto 679/2006, de 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.

4. A presenza dos residuos enviados á rede pública de corpos e substancias que, aínda non sendo por si mesmos prexudiciais, poidan provocar atascos na rede, obrigará a instalar a fosa de decantación correspondente. O concesionario informará o concello destes casos, ademais de ao subscritor, para que a entidade pública proceda en consecuencia no caso de que o causante das verteduras non adopte as medidas aconsellables.

6. Os caudais punta das verteduras á rede non poderán exceder do quintuplo (5 veces) nun intervalo de 15 minutos ou de dúas veces e medio (2,5 veces) nunha hora o valor medio do día.

7. Os danos e prexuízos que puidesen derivarse dunha vertedura prohibida definida neste artigo serán imputados totalmente ao seu causante, sen prexuízo das responsabilidades de tipo legal en que puidese incurrir.

### **Artigo 38. Relación de verteduras prohibidas.**

Queda prohibido verter, directa ou indirectamente, ás instalacións de rede de sumidoiros e saneamento, verteduras con características ou con concentracións de contaminantes iguais ou superiores en todo momento aos expresados na seguinte relación:

<b>PARÁMETROS</b>	<b>CONCENTRACIÓN</b>	<b>UNIDADES</b>
pH	5,5 - 9,0	-
Sólidos en suspensión	600	mg/L
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO5)	600	mg/L
Demanda química de osíxeno (DQO)	1.000	mg/l
Temperatura	40	°C
Conductividade eléctrica (25° C)	5.000	mS/cm
Aluminio	10,0	mg/l
Arsénico	1,0	mg/l
Bario	20,0	mg/l
Boro	3,0	mg/l
Cadmio	0,2	mg/l
Cromo hexavalente	0,5	mg/l
Cromo total	4,0	mg/l
Ferro	10,0	mg/l
Manganeso	2,0	mg/l
Níquel	2,0	mg/l
Mercurio	0,05	mg/l
Chumbo	0,7	mg/l
Selenio	0,5	mg/l
Estaño	5,0	mg/l
Cobre	0,5	mg/l
Cinc	5,0	mg/l
Cianuros	1,0	mg/l
Cloruros	2.000	mg/l
Sulfuros totais	5,0	mg/l



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Sulfitos	2,0	mg/l
Sulfatos	1.000	mg/l
Fluoruros	10,0	mg/l
Fósforo total	50,0	mg/l
Nitróxeno amoniacal	50,0	mg/l
Aceites e graxas	100,0	mg/l
Fenois totais	2,0	mg/l
Aldehidos	2,0	mg/l
Deterxentes	6,0	mg/l
Insecticidas	0,1	mg/l
Toxicidade	30,0	U.T.

*Esta relación será revisada periodicamente e non se considera exhaustiva, senón simplemente enumerativa.*

*Nos casos en que a vertedura por si soa, ou conxuntamente con outras verteduras autorizadas con anterioridade, supere no seu caudal horario punta, de 15 minutos, ou 5% do caudal medio horario da EDAR, realizarase un estudo específico con valores límite dos elementos detallados, que poderá ser máis estrito ca os especificados con anterioridade.*

## **Artigo 39. Actuación ante verteduras prohibidas.**

*1. Está prohibida a realización de calquera tipo de vertedura que poida causar efectos perniciosos na infraestrutura de saneamento, supoña riscos para as persoas ou molestias para a colectividade.*

*2. A infracción do disposto no parágrafo anterior deste artigo, independentemente da adopción das medidas legais que sexan do caso, dará lugar a que o concesionario adopte as seguintes medidas:*

*a) A prohibición inmediata e total da vertedura cando se trate de substancias cuxo efecto prexudicial non poida corrixirse na estación depuradora.*

*b) A obriga de implantar o tratamento preventivo, por exclusiva conta do subscritor, que reduza as concentracións dos elementos contaminantes aos límites permitidos.*

*3. O concesionario establecerá a vixilancia e comprobación regular das verteduras e as súas concentracións, complementando os medios das entidades públicas destinados para este fin e en estreita colaboración con elas.*

*Descuberta polo concesionario ou por inspectores autorizados a existencia de verteduras irregulares, levantarase acta de infracción, que será posta inmediatamente en coñecemento do concello e autoridades competentes para a imposición das sancións administrativas e a esixencia das responsabilidades a que haxa lugar.*

## **Artigo 40. Colectores en propiedades particulares.**

*1. O concesionario non asume responsabilidade ningunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que discorra por terreos excluídos do viario público.*

*2. No caso de que os servizos de sanidade do concello ou das entidades públicas que correspondan, e por existir risco grave para a saúde pública, logo de informe técnico sanitario en tal sentido, decidisen a necesidade de executar obras de saneamento en terreos non públicos, ou labores de limpeza e desatascamento en dominios privados, a corporación municipal poderá ordenar ao concesionario a execución deses traballos e será o seu custo a cargo do concello.*

## **Artigo 41. Conexións provisionais e temporais.**



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. Nos casos en que se concedan acometidas ou tomas de auga provisionais para obras, o concesionario indicarlle ao construtor ou solicitante, cando fose necesario, o punto autorizado para a vertedura de augas residuais.
2. O construtor e os usuarios desa acometida provisional absteranse de verter materia ningunha que, por si mesma ou en reacción coa auga, poida provocar atascos ou danos na condución de saneamento, sendo responsables dos danos en que puidesen incurrir.
3. A autorización de verteduras, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede de saneamento pública seralle solicitada ao concesionario e aprobada polo concello, consignándose os datos necesarios para identificación das verteduras que se pretendan.
4. O concesionario aplicará os prezos que correspondan, deducidos da tarifa de saneamento aprobada.

## **Artigo 42. Baixas no servizo de saneamento.**

As autorizacións de verteduras á rede de saneamento quedarán sen efecto nos seguintes casos:

- a) Por petición do usuario, de non existir finalmente ocupación da vivenda, local ou establecemento, o que suporá darse de baixa como subscritor do abastecemento e, simultánea e consecuentemente, do saneamento.
- b) Por decisión das autoridades, como consecuencia de resolución xudicial ou administrativa, por proposta ou non do concesionario por infracción dos artigos deste regulamento.

## **Artigo 43. Consideracións para a autorización de verteduras industriais.**

Previamente á conexión á rede pública de saneamento, o concesionario realizará as comprobacións que considere necesarias para controlar que o efluente previsto cumpre as condicións físico-químicas que se especifican neste regulamento.

Se o subscritor ocultase datos ou enmascarase as características do efluente, serán de aplicación as actuacións de control e de posible suspensión do servizo que se reflectiron no artigo correspondente deste regulamento.

1. **Solicitud de verteduras:** toda descarga de augas residuais non domésticas á rede sumidoiros deberá contar coa súa correspondente autorización ou permiso de vertedura, proporcionada polo concello na forma e condicións que se detallen.
2. Todos os usuarios industriais que teñan que realizar verteduras á rede de rede de sumidoiros deberán realizar a solicitude correspondente segundo se indica na epígrafe anterior. Non se lles permitirá a conexión á rede de abastecemento nin á de rede de sumidoiros ás industrias que non dispoñan da correspondente autorización, emitida en conformidade cos proxectos e informes técnicos presentados.
3. Todos os usuarios industriais que se atopen descargando as súas verteduras actualmente á rede municipal deberán obter igualmente o devandito permiso de vertedura dentro do límite da data de entrada en vigor deste regulamento.
4. A solicitude de vertedura farase segundo o modelo prescrito polo concello, que se acompañará, como mínimo, da información que se indica a continuación:
  - Nome, enderezo, NIF da entidade xurídica do solicitante, así como os datos de identificación do representante que efectúa a solicitude.
  - Volume de auga que consome a industria, con referencia expresa ás captacións particulares, se as houbese.
  - Volume de auga residual de descarga e réxime desta, horario, duración, caudal medio, caudal punta e variacións diarias, mensuais e estacionais se as houbese.
  - Constituíntes e características das augas residuais que inclúan todos os parámetros que se describen na táboa I do anexo ao título IV do Regulamento do dominio público hidráulico, que se





## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

achega como anexo a este Regulamento do Servizo de Abastecemento de Augas, sen prexuízo de que se indiquen determinacións non descritas especificamente.

– Planos de situación, planta, conducións, instalacións mecánicas e detalle das rede de sumidoiros con dimensións, situación e cotas.

– Descrición da actividade, instalacións e procesos que se desenvolven.

– Descrición do produto obxecto da fabricación, así como dos produtos intermedios ou subprodutos se os houberse, indicando cantidade, especificacións e ritmo de produción.

– O concello requirirá calquera outra información complementaria que considere necesaria para poder avaliar a solicitude da autorización.

5. A autorización de vertedura poderá incluír os seguintes termos: características das augas residuais vertidas, valores medios e máximos, limitacións sobre o caudal e o horario das descargas, esixencias de instalación de pretratamento, inspección, mostraxe e medición.

6. Con independencia dos requisitos de carácter xeral recollidos nos artigos 36 e seguintes deste regulamento, que son de obrigado cumprimento, os solicitantes de acometidas de saneamento para residuos industriais deberán presentarlle ao concesionario un proxecto que conteña a descrición detallada das súas verteduras, e indique características físico-químicas, caudais e periodicidade. Á vista dos datos achegados, o concesionario poderá autorizar ou non a conexión á rede pública de colectores, sen necesidade de tratamento corrector previo.

7. Se da valoración realizada polo concesionario do proxecto citado se desprendese que non é posible a autorización das verteduras e fose necesario establecer instalacións correctoras para adecualos aos límites permitidos, o concesionario comunicarllo ao interesado, ordenándolle as correccións que cómpre introducir e concedéndolle un prazo que estará en razón da súa magnitude.

8. Nos casos en que sexa necesaria unha determinada instalación de pretratamento das verteduras, o usuario deberá presentar o proxecto técnico desta, que será aprobado pola Administración municipal para outorgar a licenza correspondente, logo de informe favorable do concesionario, sen que alteren posteriormente os termos e especificacións de proxecto aprobado.

9. Os aparatos de rexistro, medida, control e toma de mostras esixidos deberán situarse en lugar accesible e seguro, sinalado previamente nos planos do proxecto.

Á vista do informe do servizo, a Comisión de Goberno acordará cales daquelas actividades actuais deberán dispoñer das citadas instalacións, así como o prazo para a súa instalación.

10. Os establecementos industriais, potencialmente contaminantes, deberán instalar e poñer á disposición do servizo, para os efectos de determinación da carga contaminante, as seguintes instalacións:

a) **Pozo de rexistro.** Cada industria colocará na zona de descarga das súas verteduras residuais un pozo de mostras, de doado acceso, libre de calquera interferencia e localizable augas abaixo antes da descarga, se é posible, fóra da propiedade, e situado de tal forma que non poidan alterarse as características do efluente; deberá remitir á Administración planos de situación dos pozos e aparatos complementarios para a súa identificación e censo.

b) **Auditorio de caudais.** Cada pozo de rexistro deberá conter un vertedoiro aforador, tipo Parshall ou semellante, cun rexistro totalizador para a determinación exacta do caudal vertido. Se os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertidas fosen aproximadamente os mesmos, a medición de lectura do caudal de auga por contador poderá ser utilizada como auditorio de caudal residual. Igualmente, se a procedencia de auga de captación propia é dun pozo ou doutras fontes, poderá habilitarse unha fórmula indirecta de medición dos caudais vertidos.

c) **Mostras.** A técnica da toma de mostras variará segundo a determinación que haxa que realizar. Para concentracións máximas que non poidan ser superadas en ningún momento, a medida será instantánea a calquera hora do día. Para concentracións medianamente representativas de valores



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*de cargas residuais contaminantes, as medidas serán horarias, integradas proporcionalmente ao caudal e tomadas durante o período de verteduras. Os requirimentos mínimos para calcular a contía representativa das verteduras serán concretadas pola Administración de acordo coa industria interesada e poderán revisarse cando se considere oportuno.*

*Aquelas industrias que, pola súa dimensión e/ou contaminación, resulten significativas polas súas augas residuais e/ou volumes de vertedura, necesitarán un aparato de toma de mostras automático, proporcional ao caudal e con análise durante todo o ano.*

*d) **Pretratamento.** No caso de existir pretratamentos individuais ou colectivos, legalmente autorizados, e que particular ou colectivamente realicen tratamento das verteduras industriais, deberán instalar á saída dos efluentes depurados, un pozo de mostras coas mesmas condicións e requisitos ca os mencionados na epígrafe a) deste artigo.*

### **Artigo 44. Instalacións interiores en verteduras industriais.**

*1. A execución das obras e instalacións de saneamento interiores, a súa conservación e garantía de correcto funcionamento estarán a cargo dos propietarios ou titulares da industria, podendo ser comprobado o seu estado por persoal do concesionario cando sexa necesario, en razón das garantías de control e bo servizo que está obrigado a subministrar.*

*2. O usuario será o responsable da construción, mantemento e explotación das instalacións a que houberse lugar, co obxecto de satisfacer as esixencias do regulamento. A inspección e comprobación do funcionamento das instalacións de pretratamento é facultade e competencia do Servizo Municipal de Abastecemento de Augas.*

### **Artigo 45. Análise que se efectuará nas verteduras industriais.**

*1. As análises e probas para comprobar as características das verteduras efectuaraas persoal facultativo do concesionario, cos seus medios ou os que fosen necesarios, de acordo cos métodos estándar da APHA, AWWA, e WPEF ou, se é o caso, polos métodos patrón aprobados polo concello ou os organismos competentes.*

*2. O concesionario utilizará os procedementos normalizados polo concello ou Administración competente para os casos máis frecuentes de homoxeneización, neutralización, identificación e almacenamento de substancias, análise das verteduras prohibidas, separación de graxas e aceites, decantación de sólidos etc., podendo, non obstante, os interesados propoñer un sistema de control e identificación distinto, que deberá ser previamente aprobado pola Administración competente.*

*3. Os gastos das análises correrán a cargo do subscritor, empresa ou particular que sexa causante das verteduras ou, se é o caso, encargase a realización das probas de identificación ou os seus contrastes.*

*4. Se das comprobacións e análise que se efectúen para o efecto se determinase que os resultados do tratamento corrector non son os previstos no proxecto aprobado ou resultasen insuficientes, o usuario está obrigado a introducir as modificacións necesarias para obter os resultados do proxecto inicial.*

### **Artigo 46. Inspección e control das verteduras.**

*1. Os servizos correspondentes do concello ou por delegación destes, o concesionario do Servizo Municipal de Abastecemento de Augas, exercerán a inspección e vixilancia periódica das instalacións de vertedura de auga residual á rede de sumidoiros, arquetas de rexistro e instalacións do usuario, co obxecto de comprobar o cumprimento do disposto neste regulamento.*

*2. As inspeccións e controis poderán ser realizados por iniciativa do concello ou do concesionario indistintamente, cando calquera dos dous o considere oportuno.*

*3. O usuario facilitaralles aos inspectores o acceso ás distintas instalacións, co fin de que poidan proceder á realización do seu labor. Da mesma forma, porá á disposición dos inspectores os datos, información, análise etc. que estes lle soliciten, relacionados coa devandita inspección.*



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

4. Os inspectores deberán acreditar a súa identidade mediante documentación expedida polo concello.

5. Non será necesaria a comunicación previa das visitas dos inspectores, debendo o usuario facilitarles o acceso ás instalacións no momento en que estas se produzan. A negativa por parte do usuario no cumprimento deste artigo será considerada como infracción a este regulamento, o que supón a suspensión temporal ou definitiva da autorización de vertedura á rede de sumidoiros e clausura das obras de conexión a esta.

6. O concesionario do servizo poderá esixir periodicamente un informe de descarga que deberá incluír os caudais efluentes, concentracións contaminantes e, en xeral, definición completa das características da vertedura.

## **Artigo 47. Accións regulamentarias ante verteduras de características non autorizadas.**

1. As verteduras industriais á rede de sumidoiros que non cumpran calquera das limitacións ou prohibicións que se especifican neste regulamento darán lugar a que a Administración (concello) adopte algunha ou algunhas das medidas seguintes:

– Prohibición total da vertedura cando, existindo o incumprimento, este non poida ser corrixido nin nas instalacións depuradoras nin nas do usuario.

– Esixirlle ao usuario a adopción das medidas necesarias co fin de conseguir a modificación da vertedura, mediante o seu pretratamento ou modificación no proceso que a orixina.

– Esixirlle ao responsable de efectuar a vertedura, provocar ou permitir a descarga, o pagamento de todos os gastos e custos adicionais aos que o concesionario do servizo tivese que facer fronte como consecuencia das verteduras, por danos, avarías, limpeza etc.

2. En caso de danos a terceiros como consecuencia de incumprimento das normas deste regulamento, como no caso das verteduras prohibidas ou dos autorizados que non cumprisen as condicións de limitación, a responsabilidade será por conta das entidades causantes da vertedura, sen prexuízo de aplicación polo concello das sancións e medidas a adoptar fixadas neste.

## **CAPÍTULO V**

### **RÉXIME ECONÓMICO**

#### **1- FACTURACIÓN, COBRO E INFORMACIÓN**

##### **Artigo 48. Facturación.**

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada subscritor concretarase pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación. O importe da facturación calcularase de acordo coa ordenanza vixente.

O concesionario poderá modificar o tipo de tarifa que lle aplicará ao usuario, se este usase a auga para fins distintos aos especificados no contrato.

1. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase conforme ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir referencia, liquidaranse as facturacións conforme á media aritmética dos seis meses anteriores.

2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media á que se alude no parágrafo anterior, facturarase a cota mínima trimestral.

3. A obrigatoriedade do pagamento considerarase extensiva aos casos en que o consumo se orixinase por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, por causas non imputables á empresa concesionaria.

##### **Artigo 49. Vertedura de augas de orixe distinta á rede de abastecemento municipal.**

1. Naqueles casos en que as vivendas, locais comerciais e edificios industriais utilicen auga doutras procedencias, exclusivamente ou xunto coa da rede pública de abastecemento, e vertan as súas augas



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

residuais á rede pública de saneamento, o subscritor instalará ao seu cargo os aparatos de medición axeitados que servirán de base para a facturación.

2. Non se poderán verter á rede de saneamento as augas non residuais que se recollan nos baixos e sotos dos edificios e provenientes de mananciais ou filtracións do terreo. No caso de que fose autorizada a devandita vertedura por non haber outra posibilidade, o responsable desta virá obrigado a aboar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados en bombeo e depuración polo caudal vertido.

## **Artigo 50. Precintado de contadores.**

1. É obrigatorio o precinto de Industria en todos os aparatos de medida, en canto a que as súas lecturas serven de base para a liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante:

a) Que o contador pertence a un sistema aprobado.

b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto.

c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidese alterar o seu bo funcionamento.

2. O subscritor nunca poderá manipular o aparato de medida, nin o seu precinto oficial, nin o precintado das súas unións efectuado polo concesionario. A súa conexión e precintado de unións realizarao sempre o persoal do servizo.

3. No caso de que o subscritor non tivese instalado o contador ou este non rexistrase correctamente o consumo correspondente, daráselle un prazo de 72 horas para solicitar e aboar a subministración e instalación do aparato de medida; finalizado ese prazo sen emendar a deficiencia, procederase ao corte da subministración.

4. A facturación do servizo de abastecemento e saneamento dunha vivenda ou local farase nun só recibo, a nome do subscritor do abastecemento.

5. Nos casos de comunidade de propietarios con contador xeral colectivo, a facturación do servizo de saneamento farase no mesmo recibo de abastecemento e con cargo á comunidade.

## **Artigo 51. Aboamento dos recibos.**

1. O subscritor poderá facer efectivos os importes facturados polo concesionario preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria con oficina aberta no termo municipal ou, no seu defecto, nas oficinas do concesionario en días hábiles e en horario de oficina.

2. En caso de devolución de recibos polas entidades bancarias por causas imputables ao subscritor, será por conta deste a totalidade dos gastos que se produzan por motivo da devandita devolución, incluída a liquidación de xuros de mora correspondentes.

Dúas devolucións consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

3. Pasado o período voluntario e con dous ou máis recibos pendentes de pagamento, isto será causa de iniciación do expediente de suspensión de subministración, sen prexuízo de que o importe non pagado quede incluído en procedemento de constrinximento.

4. Para os casos de morosidade no aboamento dos recibos, o concello autorizará a xestión do corte de subministración. Correrán a cargo do subscritor os gastos da devandita xestión (elaboración de comunicados, certificado de correos etc.) si se realizase o pagamento antes de efectuarse o corte, así como os de reposición de subministración, no caso de que o corte se levase a cabo.

5. No caso de rotura de precintos por parte do subscritor, notificaráselle este feito ao concello mediante o expediente correspondente, e o infractor será penalizado cunha sanción igual ao importe da subministración correspondente a 12 meses polo mínimo de consumo e importe da cota de servizo na tarifa contratada.

## **Artigo 52. Información ao subscritor sobre a facturación.**





# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O subscritor poderá obter do concesionario calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobramentos, tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada coa subministración que se xerese nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

O concesionario disporá dunha oficina de información ao público dentro da zona urbana de Xanceda, para os efectos de información e reclamacións.

## **Artigo 53. Devolución de ingresos indebidos.**

1. O subscritor terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos do concesionario. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que provoque o erro.

2. Cando o subscritor presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación. Esta irá acompañada dos xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e de calquera outra documentación que corresponda ao caso.

3. O concesionario queda obrigado a resolver a reclamación coa maior brevidade posible.

4. Non se atenderá ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada polo subscritor ou persoa que o represente legalmente.

## **Artigo 54. Baixa no servizo.**

Cando o subscritor desexe causar baixa no servizo, virá obrigado a aboar todos os recibos pendentes e o importe total da facturación do trimestre en que cause baixa.

## **2. INSPECCIÓN E SANCIÓN.**

### **Artigo 55. Acta de inspección.**

1. A actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio do subscritor inspeccionado, día e hora desta, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregáraselle ao subscritor.

2. Os inspectores, para o efecto, deberán invitar o aboado, o persoal dependente deste, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine a acta, e pode o subscritor facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que considere pertinentes. A negativa a facelo non afectará a tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. O subscritor poderá dirixirse, posteriormente, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á oficina do servizo ou ao concello. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo subscritor titular ou quen acredite a súa representación.

### **Artigo 56. Liquidación da fraude.**

1. O concesionario, en posesión da acta, formulará a liquidación da fraude, distinguíndose, para os efectos da devolución e as responsabilidades da fraude, os seguintes casos:

a) Que non exista contrato ningún para a subministración de auga.

b) Que, por calquera procedemento, se manipulase ou se alterase o rexistro do contador ou aparato de medida.

c) Que se realizasen derivacións de caudal, permanente ou circunstancialmente, antes dos equipos de medida.

d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratos realizados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa que se vai aplicar.

2. O concesionario practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, do seguinte xeito:

**Caso a.** Formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente correspondese ás instalacións utilizadas



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo de tres meses.

**Caso b.** Se se falsearon as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza o seu funcionamento anormal, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do caudal nominal do contador, e computarase o tempo que cómpre considerar en oito horas diarias e durante un período de tres meses, do que se descontarán os consumos que, durante este período de tempo, fosen aboados polo autor da fraude.

**Caso c.** Se a fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase como no caso primeiro e sen facer desconto pola auga medida polo contador.

**Caso d.** Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor do concesionario, aplicándolle ao consumo a diferenza existente entre a tarifa correspondente ao uso real que se lle está a dar á auga, e as que, no devandito período, se aplicaron baseándose no uso contratado. A devandita liquidación farase por un período dun ano.

3. En todos os casos, o importe da fraude deducida estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles.

4. As liquidacións que formule o concesionario seranlle notificadas á Administración municipal e contra estas o subscritor poderá formular as reclamacións que considere oportunas, no prazo de quince días, que se contarán dende a notificación da devandita liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

### **Artigo 57.**

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra a normativa deste regulamento dará lugar á imposición de sancións aos infractores, conforme ao previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexuízos e das responsabilidades de orde penal que procedesen.

### **Disposicións finais.**

1. Para o non previsto neste regulamento, estarase ao establecido nas leis e disposicións regulamentarias de carácter xeral ditadas sobre a materia.

2. Derróganse cantas disposicións anteriores se opoñan ao preceptuado neste regulamento.

2. Abrir un período de información pública por medio dun anuncio que se inserirá no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

3. Declarar definitivamente aprobado o regulamento sen necesidade de novo acordo se fose o caso de non se presentaren alegacións nin suxestións.

4. O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

En Mesía, 30 de xullo de 2012. O Alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que trátase dun Regulamento tipo pero adaptado ás particularidades do noso concello.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación e obtense o seguinte resultado: apróbase por unanimidade de concelleiros presentes



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

#### **4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:  
“PROPOSTA AO PLENO

#### *MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA*

*Visto o artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións Públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.*

*Vista que a entrada en vigor do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD 15/1999), aprobado mediante o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro (RD 1720/2007), introduciu, a través dos artigos 53 e 54, algunhas novidades en canto a forma e contidos da disposición, destacando a necesidade de especificar o sistema de tratamento do ficheiro, podendo ser automatizado, non automatizado ou parcialmente automatizado.*

*Vista a Preauditoría realizada pola empresa Servizos de Consultoría Gallegos (SERCONGAL) relativa ao nivel de adaptación do Concello de Mesía á LOPD 15/1999 e o RD 1720/2007.*

*Resultando que este concello dispón do REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA aprobado inicialmente o día 24 de maio de 2005, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 200, de data 1 de setembro de 2005.*

*Vista a modificación do Regulamento de Ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Mesía aprobada inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 7 de xaneiro de 2006 e publicada o seu texto definitivo no BOP núm. 61, de data 15 de marzo de 2006.*

*Vista a modificación do Regulamento de Ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Mesía aprobada inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2011 e publicada o seu texto definitivo no BOP núm. 17, de data 25 de xaneiro de 2012.*

*A fin de cumprimentar o establecido no artigo 20 da dita Lei, así como no artigo 52 e 54 do seu Regulamento de desenvolvemento da dita Lei, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*1. Aprobar a modificación do artigo 2 do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do concello de Mesía, e os seus correspondentes anexos, do xeito que, de seguido, se sinala:*



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1.1. *Eliminando o ficheiro 1 de carácter persoal denominado “Padrón de Habitantes”, debido á inclusión dos seus datos no ficheiro “Padrón impositivo”, que será o resultante da modificación do ficheiro “Padrón tributario de usuarios do servizo de recollida de lixo”.*

1.2. *Modificando o contido dos ficheiros de carácter persoal denominados*

2. *Contabilidade*
3. *Nóminas de persoal*
4. *Rexistro de Asociacións Municipais, ficheiro que pasará a denominarse Rexistro de Asociacións*
5. *Sistema informático de usuario de servizos sociais (SIUSS)*
6. *Padrón tributario de usuarios do servizo de recollida de lixo, ficheiro que pasará a denominarse Padrón impositivo*

*O contido destes ficheiros modificarase nos apartados que se indican nos anexos adxuntos.*

1.3. *Creando os novos ficheiros de carácter persoal denominados*

9. *Apoio á dependencia, terceira idade e discapacitados*
10. *Subvencións*
11. *Emprego*
12. *Actividades, campamentos e cultura*
13. *Animais especialmente perigosos*
14. *Biblioteca*
15. *Urbanismo e catastro*
16. *Rexistro entrada e saída*
17. *Formación*
18. *Albergue de peregrinos.*

1.4. *Renumerando os ficheiros contidos no artigo 2 do Regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Mesía, tendo en conta as anteriores modificacións, de xeito que o dito artigo 2 así como as correspondentes modificacións dos anexos quedarían como, de seguido, se transcriben:*

*“Art. 2º.- Creación de ficheiros.*

*Créanse no Concello de Mesía os ficheiros denominados:*

1. *Contabilidade*
2. *Nóminas de persoal*
3. *Rexistro de Asociacións*
4. *Sistema informático de usuarios de servizos sociais (SIUSS)*
5. *Padrón impositivo*
6. *Gravación de imaxes por sistema de videovixilancia*
7. *Axentes de promoción económica*
8. *Participantes en accións de promoción de emprego*
9. *Apoio á dependencia, terceira idade e discapacitados*
10. *Subvencións*
11. *Emprego*
12. *Actividades, campamentos e cultura*
13. *Animais especialmente perigosos*
14. *Biblioteca*





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- 15. Urbanismo e catastro
- 16. Rexistro entrada/saída
- 17. Formación
- 18. Albergue de peregrinos.

## ANEXOS

### 1. Ficheiro: CONTABILIDADE

D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Datos económico – financeiros e de seguros (datos bancarios) Datos de transaccións (bens e servizos subministrados e recibidos polo afectado)
F. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE MESÍA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Medio
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

### 2. Ficheiro: NÓMINAS DE PERSOAL

D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, Núm. S.S./Mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de características persoais: estado civil, datos de familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos de detalles de emprego (datos non económicos da nómina) Datos económico – financeiros e de seguros (datos bancarios, datos económicos da nómina),
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

### 3. Ficheiro: REXISTRO DE ASOCIACIÓNS

A. Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Levanza e control das asociacións veciñais constituídas para facer valer intereses xerais ou sectoriais
	b) Usos previstos	Educación e cultura (fomento e apoio a actividades artísticas culturais e deportivas)
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de circunstancias sociais (afeccións, estilos de vida, pertenza a clubs, asociacións) Datos económico – financeiros e de seguros (datos bancarios, seguros)	



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

## 4. Ficheiro: SISTEMA INFORMÁTICO DE USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS (SIUSS)

D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, Núm. S.S./Mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Outros datos especialmente protexidos: orixe racial ou étnico, saúde (recadados co consentimento expreso do afectado) Datos relativos á comisión de infraccións: infraccións penais (norma que permite o seu tratamento: Administración pública con competencias na materia, servizos sociais) Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, lingua materna Datos de circunstancias sociais: características de aloxamento, vivenda Datos académicos e profesionais: formación, titulacións, historial de estudante, experiencia profesional, datos de violencia de xénero, ordes de aloxamento Datos económico - financeiros e de seguros: ingresos, rendas, datos bancarios, datos económicos de nómina, datos dedución impositiva -impuestos - subsidios, beneficios
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Alto
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

## 5. Ficheiro: PADRÓN IMPOSITIVO

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Padrón de habitantes Padrón Tributario Cobro de impostos e taxas
	b) Usos previstos	Facenda e xestión económico - financeira (Xestión tributaria e de recadación), estatística (función estatística pública - Padrón de habitantes - xestión do censo promocional)
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos de circunstancias sociais: características de aloxamento, vivenda, propiedades, posesións	



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

	<i>Datos económicos-financeiros e de seguros: datos bancarios, datos económicos de nómina</i>
<i>H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible</i>	<i>Medio</i>
<i>I.- Sistema de tratamento</i>	<i>Ficheiro parcialmente automatizado</i>

## 9. Ficheiro: APOIO Á DEPENDENCIA, 3ª IDADE E DISCAPACITADOS

<i>A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos</i>	<i>a) Finalidade do ficheiro</i>	<i>Xestión dos servizos á dependencia e dos seus beneficiarios Xestión dos servizos de apoio á terceira idade ou discapacitados</i>
	<i>b) Usos previstos</i>	<i>RRHH (xestión de persoal), Traballo e benestar social (prestacións de asistencia social, servizos sociais a minusválidos, servizos sociais á terceira idade, outros servizos sociais), sanidade (historial clínico), educación e cultura (fomento e apoio a actividades artísticas e culturais)</i>
<i>B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos</i>		<i>Persoas que dan servizos aos colectivos implicados (persoal de servizos sociais e provedores de servizos externos) Beneficiarios de ditos servizos (empregados, provedores, representantes legais, persoas de contacto, beneficiarios)</i>
<i>C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal e a súa procedencia</i>		<i>O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas Formularios</i>
<i>D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo</i>		<i>Datos identificativos: NIF/DNI, Núm. S.S./Mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados con consentimento expreso do afectado) Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, datos de familia Datos de circunstancias sociais: características de aloxamento, vivenda Datos de detalles de emprego: postos de traballo Datos económicos – financeiros e de seguros: ingresos, rendas, datos económicos de nómina, datos deducións impositivas, impostos-subsidios, beneficios</i>
<i>E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países</i>		<i>Seguridade social e outras administracións con competencia na materia (existe consentimento dos afectados) Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.</i>
<i>F.- Órgano da administración responsable do ficheiro</i>		<i>CONCELLO DE MESÍA</i>
<i>G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación</i>		<i>CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA</i>



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Alto
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

## 10. Ficheiro: SUBVENCIONS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión, tramitación e resolución de solicitudes de subvencións, axudas e prestacións
	b) Usos previstos	Traballo e benestar social (pensións, subsidios e outras prestacións económicas, outros servizos sociais) Finalidades varias (atención ao cidadán)
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Solicitantes e beneficiarios (asociados ou membros, representantes legais, solicitantes, beneficiarios)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados con consentimento expreso do afectado) Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos de circunstancia sociais: características de aloxamento, vivenda, propiedades, posesións Datos económico – financeiros e de seguros: ingresos, rendas, inversións, bens patrimoniais, datos bancarios, datos económicos de nómina, hipotecas, subsidios, beneficios.
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Organizacións relacionadas directamente co responsable, asociacións, etc (existe consentimento dos afectados) Organismos da Seguridade Social, outros órganos da Administración do Estado, Asociacións e Organizacións sen ánimo de lucro, bancos, caixas de aforro e caixas rurais. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO DE MESÍA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Alto
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado





## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

### **11. Ficheiro: EMPREGO**

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión de datos das persoas participantes en accións de promoción de emprego ou accións formativas e/ou asesoramento na materia
	b) Usos previstos	Traballo e benestar social (promoción e xestión de emprego, relacións laborais e condicións de traballo, formación profesional ocupacional, prestacións a desempregados)
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego e demandantes de asesoramento na materia, candidatos a accións formativas
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal ou Administracións Públicas mediante: Formularios en papel ou de maneira telemática
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, estado civil, datos de familia, lingua materna, datos de violencia de xénero Datos académicos e profesionais: formación, titulacións – historial de estudante, experiencia profesional, pertenza a colexios ou asociacións profesionais
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Consellería de Traballo e Benestar, Bic Galicia, Administracións públicas con competencias na materia (outros órganos da Comunidade Autónoma e da Administración Local) Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO DE MESÍA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Alto
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

### **12. Ficheiro: ACTIVIDADES, CAMPAMENTOS E CULTURA**

A.- Finalidade do ficheiro e usos	a) Finalidade do ficheiro	Trámite, xestión e promoción de actividades culturais, deportivas, educativas, extraescolares e de conciliación
-----------------------------------	---------------------------	---



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

previstos	b) Usos previstos	Educación e cultura (ensinanzas artísticas e idiomas, educación especial, deportes, fomento e apoio a actividades artísticas e culturais), outras finalidades
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Usuarios e solicitantes
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, Núm. S.S./Mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados co consentimento expreso do afectado) Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, lingua materna
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Empresas privadas, bancos Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO DE MESÍA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Alto
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

### 13. Ficheiro: ANIMAIS ESPECIALMENTE PERIGOSOS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Rexistro de animais especialmente perigosos.
	b) Usos previstos	Control e seguridade cidadá
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Propietarios de animais de razas especialmente perigosas (cidadáns e residentes)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais, psicotécnico apto do propietario, certificado do seguro Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

	<i>Datos económicos- financeiros e de seguros: seguros</i>
<i>E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países</i>	<i>Entidades aseguradoras, Administración pública, entidades sanitarias e forzas e corpos de seguridade do Estado Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.</i>
<i>F.- Órgano da administración responsable do ficheiro</i>	CONCELLO DE MESÍA
<i>G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación</i>	CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
<i>H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible</i>	Básico
<i>I.- Sistema de tratamento</i>	<i>Ficheiro parcialmente automatizado</i>

### **14. Ficheiro: BIBLIOTECA**

<i>A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos</i>	<i>a) Finalidade do ficheiro</i>	<i>Xestións dos usuarios da biblioteca municipal</i>
	<i>b) Usos previstos</i>	<i>Educación e cultura (fomento e apoio a actividades artísticas e culturais)</i>
<i>B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos</i>	<i>Cidadán e residentes Asociados ou membros</i>	
<i>C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal</i>	<i>O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios</i>	
<i>D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo</i>	<i>Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais, fotografía Datos de características persoais: data de nacemento, idade, nacionalidade</i>	
<i>E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países</i>	<i>Non se prevén cesións ou comunicacións de datos.</i>	
<i>F.- Órgano da administración responsable do ficheiro</i>	CONCELLO DE MESÍA	
<i>G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación</i>	CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA	
<i>H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible</i>	Básico.	
<i>I.- Sistema de tratamento</i>	<i>Ficheiro parcialmente automatizado</i>	

### **15. Ficheiro: URBANISMO E CATASTRO**



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestións de expedientes de licenzas urbanísticas, actividades e obras, catastro municipal.
	b) Usos previstos	Facenda e xestión económico – financeira (xestión económica e contable), finalidades varias (concesión e xestión de permisos, licenzas e autorizacións)
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Solicitantes e beneficiarios de licenzas (cidadáns e residentes, solicitantes, beneficiarios)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios Escritos
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade Datos de circunstancias sociais: licenzas, permisos, autorizacións
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Órganos xudiciais, Administración Pública con competencias na materia, Forzas e corpos de seguridade do Estado. Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO DE MESÍA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Medio.
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado

## 16. Ficheiro: REXISTRO ENTRADA E SAÍDA

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Rexistro xeral de entrada e saída de documentos de expedientes administrativos.
	b) Usos previstos	Rexistro de entrada e saída de documentos
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Interesados nos procesos administrativos (cidadáns e residentes)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante declaración do propio interesado ou representante legal
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais





# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Órganos xudiciais e Administración Pública con competencia na materia. Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE MESÍA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Básico
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

## 17. Ficheiro: FORMACIÓN

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión da formación e dos alumnos/profesores/titores das AFD e ocupados.
	b) Usos previstos	RRHH(xestión de persoal, formación de persoal); Traballo e Benestar Social (Promoción e xestión de emprego-Formación profesional ocupacional); Educación e cultura (ensinanza superior).
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Empregados como titores ou profesores Alumnos, solicitantes Demandantes de emprego
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios Transmisión electrónica
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF, número de SS, Mutualidade, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais Datos de características persoais: estado civil, idade, sexo, nacionalidade, lingua materna Datos académicos e profesionais: formación, titulacións, historial de estudante, experiencia profesional, pertenza a asociacións ou colexios profesionais Datos de detalles de emprego: corpo, escala, grao e categoría profesional, postos de traballo, historial do traballador.
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Consellería de traballo, INEM, Seguridade Social (corresponden a competencias idénticas ou que versan sobre as mesmas materias, exercidas por outras administracións públicas.)(Outros órganos da comunidade autónoma). Non se realizan ou non están previstos tratamentos de



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

	<i>datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.</i>
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE MESÍA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	Medio.
I.- Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado ou mixto.

### 18. Ficheiro: ALBERGUE DE PEREGRINOS

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos	a) Finalidade do ficheiro	Xestión do Albergue de Peregrinos de Bruma do Camiño Inglés.
	b) Usos previstos	Educación e cultura (Fomento e apoio a actividades artísticas e culturais), Estatística (Función estatística pública)
B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos		Peregrinos e usuarios do Albergue (solicitantes, beneficiarios)
C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal		O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios
D.- Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo		Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, firma/impresións dixitais, país de residencia Datos de características persoais: idade.
E.- Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países		Organizacións relacionadas co responsable, Administración Pública, Xunta de Galicia, Instituto Nacional de Estatística, outros órganos da Comunidade Autónoma e da Administración Local Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.
F.- Órgano da administración responsable do ficheiro		CONCELLO DE MESÍA
G.- Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación		CONCELLO DE MESÍA XANCEDA S/N 15685 MESÍA A CORUÑA
H.- Medidas de seguridade e nivel de protección esixible		Básico.
I.- Sistema de tratamento		Ficheiro parcialmente automatizado.

“

Segundo.- De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

*Terceiro.- Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.*

*Cuarto.- En cumprimento do artigo 55 de Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, os ficheiros serán notificados para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días dende a publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.*

*Mesía, 27 de xullo de 2012 O alcalde, Mariano Iglesias Castro*

Manifesta o Sr. Alcalde que unha empresa de consultoría está a facer as actualizacións legais que corresponden nesta materia, o que implica facer unha serie de modificacións no Regulamento municipal que xa temos, e que son as que se sinalan na proposta.

Non habendo máis intervencións, o asunto é sometido a votación e obtense o seguinte resultado: unanimidade de concelleiros presentes.

### **5. DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“PROPOSTA Ó PLENO*

*DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.*

*Visto que o artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que ó Pleno, entre outras, as seguintes atribucións: “A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.”*

*Visto que o artigo 47.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos, entre outras, nas seguintes materias: “k) Municipalización ou provincialización de actividades en réxime de monopolio e aprobación da forma concreta de xestión do servizo correspondente.”*

*Considerando que a forma máis axeitada para xestionar este servizo é a concesión, en virtude da cal o servizo se xestionaría a través dunha empresa especializada que asumiría a xestión integral do mesmo.*

*De conformidade cos artigos 22.2.f) e 47.2.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, proponho ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*ÚNICO: Acordar como forma de xestión do servizo de abastecemento de auga e saneamento a xestión indirecta, e dentro desta, a concesión, nos termos recollidos nas disposicións aplicables da Lei 7/1985, de 2 de abril, e no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, mantendo o concello a titularidade do servizo.*

*En Mesía, a 30 de xullo de 2012. O Alcalde, D. Mariano Iglesias Castro”*

Manifesta o Sr. Alcalde que este equipo de goberno entende que a forma máis axeitada de xestionar este servizo é a través dunha concesión, de xeito que unha empresa xestione integralmente o mesmo, realizándose a contratación a través dos procedementos regulamentarios.

Manifesta o Sr. Álvarez que aínda que nos non somos expertos, parécenos que a proposta de xestión a través de concesión é o máis eficaz para un concello pequeno, das nosas características.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación e obtense o seguinte resultado: apróbase por unanimidade de concelleiros presentes

### **6. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS RURAIS, CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“PROPOSTA Ó PLENO*

*RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS RURAIS, CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA.*

*Visto que en data 11 de xuño de 2012 publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 109 o anuncio de información pública da Ordenanza reguladora da protección de camiños e vías rurais, con motivo da execución de talas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Mesía, aprobada inicialmente o 1 de xuño de 2012 polo concello Pleno.*

*Visto que en data 18 de xuño de 2012 recibíuse neste concello (Rex. de entrada 1.139) escrito de alegacións á citada Ordenanza presentado por D<sup>a</sup> Ana Oróns Mata, en nome e representación da Confederación Galega de Empresarios da Madeira.*

*Visto que de conformidade co artigo 49.c) da Lei 7/1985 de 2 de abril, corresponde ó Concello Pleno resolver as alegacións presentadas e aprobar definitivamente a Ordenanza, procede en primeiro lugar, resolver as alegacións presentadas.*

*As alegacións do citado escrito céntranse, segundo se reflicte no seu punto primeiro, en dúas cuestións: incompetencia do concello de Mesía para aprobar a Ordenanza, e infracción dos principios de igualdade e legalidade.*





## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*En canto á incompetencia do Concello manifesta o alegante:*

*- a ordenanza incide significativamente na actividade forestal e o seu desenvolvemento por esixir unha comunicación previa e obrigatoria por escrito;*

*- a ordenanza é un suposto de extralimitación competencial porque nin o artigo 25 da lei 7/1985, de bases de réxime local, nin o artigo 80.2 da lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, atribúen competencia forestal ós concellos;*

*- o artigo 287 da lei 5/1997, de Administración Local de Galicia establece que “As ordenanzas e bandos non poderán conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico”, resultando que os montes e aproveitamentos forestais constitúen un ámbito competencial do Estado e das Comunidades Autónomas ao abeiro da distribución competencial da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, sen que quepa ningunha intromisión por parte da Administración Local, que conduciría á nulidade de pleno dereito da ordenanza.*

*En canto a esta parte da alegación cómpre manifestar:*

*En primeiro lugar, o concello Pleno é competente para aprobar ordenanzas conforme o artigo 4.1.a) e 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e é así mesmo competente, ao abeiro dos artigos 25.2 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, entre outras, nas seguintes materias: protección do medio ambiente, prevención e extinción de incendios, acceso ós núcleos de poboación, pavimentación de vías públicas e conservación de camiños e vías rurais, materias todas elas que se reproducen, de xeito case idéntico, nas competencias contempladas no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Así mesmo o artigo 4.1 da citada lei 7/1985, de 2 de abril, atribúe ós concellos, entre outras, a potestade de recuperación de oficio dos seus bens, que reproduce o artigo 44 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu apartado 2 establece que “para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a adecuada utilización do mesmo, as Corporacións Locais tamén poderán establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable”, o que tamén establece o artigo 280 da Lei de Administración Local de Galicia. Pola súa banda, de conformidade co artigo 6 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, a xestión e administración dos seus bens polas administracións axustarase, entre outros, ó principio de “exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei u outras especiais outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade”; sinalando Así mesmo o artigo 28 do mesmo corpo legal a obriga das administracións de protexer e defender o seu patrimonio exercendo as potestades procedentes para elo.*

*A presente ordenanza ten por obxecto a protección dos camiños e vías rurais, xa que o Concello ten a obriga legal de defender o seu patrimonio. O Concello é competente para intervir na actividade dos cidadáns, consonte o artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, entre outros medios, a través de ordenanzas ou bandos que, obviamente, deben respetar a lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas correspondentes materias, como así o fai a presente, e de feito non se constata ningún precepto concreto de normativa estatal ou autonómica que houbese sido vulnerado por esta ordenanza. Non se pode deducir da redacción da ordenanza ningunha intromisión na actividade forestal propiamente dita.*

*No segundo punto do escrito maniféstase pola alegante infracción do principio de igualdade e non discriminación, desigualdade manifesta carente de base obxectiva e inxustificada por non haber razón suficiente para impoñer obrigas e requisitos a actividade forestal e non a outras actividades.*



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*En relación con esta parte das alegacións debe manifestarse que a execución de talas, depósito, carga e transporte de madeira supón unha innegable intensidade de uso dos viarios fronte o uso normal e habitual dos mesmos, sen prexuízo de que calquera intensidade excepcional de uso tamén será corrixido por parte do concello coa normativa de aplicación e todos os medios á súa disposición. Como xa se sinalou máis arriba, a presente ordenanza ten por obxecto a protección dos camiños e vías rurais, resultando indubitado que as características da actividade referenciada implica un uso de especial intensidade, co correspondente deterioro, dos viarios municipais.*

*A maior afondamento, debe salientarse que a presente ordenanza non é unha ordenanza fiscal que estableza unha taxa polo aproveitamento especial do dominio público, o que podería facerse ao abeiro da lexislación vixente en materia de facendas locais, incluso podería esixirse licenza e cobrarse pola expedición e tramitación da mesma, o que tampouco se fai, o que pon de manifesto que non é esta unha ordenanza con afán recadatorio ou que pretenda gravar o exercicio dunha determinada actividade, senón que ten como finalidade a protección do seu patrimonio sen custe engadido para ningunha actividade, salvo o que resultase, no seu caso, dun deterioro real e constatable. Coa corrección da redacción da ordenanza que se propón máis abaixo, e que implica que unicamente se esixirá fianza en caso de inexistencia de seguro, e, en todo caso, individualizada na súa contía en relación coas características concretas de peso e demais variables da actividade puntual que se vai a desenrolar en cada caso, non pode estimarse vulneración de ningún principio constitucional.*

*Retomando o antedito no último parágrafo, e xa referido á última parte das alegacións, respecto da fianza como garantía adicional do seguro de responsabilidade civil do madeireiro, si que se ten en conta o que podería supoñer unha certa duplicidade, ao esixirse unha fianza ademais dese seguro de responsabilidade civil, de xeito que, a pesares da legalidade da anterior redacción, proponse unha nova redacción a dous apartados da ordenanza, no sentido de esixir coa documentación unha copia do seguro de responsabilidade civil, que eximiría ó interesado de prestar fianza, que, en caso de ter que prestala por non dispor de seguro profesional, faríase polo importe individualizado que asinaran os servizos técnicos municipais en atención ás características concretas da actividade a realizar, o que se considera máis obxectivo que as cantidades a tanto alzado da anterior redacción da ordenanza.*

*É por todo o antedito polo que se propón ó Pleno, de conformidade co artigo 49.c) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Desestimar as alegacións presentadas por por D<sup>a</sup> Ana Oróns Mata, en nome e representación da Confederación Galega de Empresarios da Madeira, no relativo a falta de competencia, infracción do principio de igualdade e legalidade, suspensión de tramitación, anulación de proxecto de ordenanza e arquivo de actuacións, e estimar parcialmente a alegación relativa á duplicidade que supón a garantía adicional de afuzamento das empresas que xa contan cun seguro de responsabilidade por danos.*

*SEGUNDO: En consecuencia, aprobar a modificación da redacción dos artigos 2 e 4 do proxecto de ordenanza inicialmente aprobada do xeito que de seguido se sinala:*

*1.- Engádesse o seguinte parágrafo ó artigo 2:*

*- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que podan causarse con ocasión da corta e saca da madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente, no escrito de*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

comunicación que presente, e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 4º.4.

2.- Modifícase o apartado 4 do artigo 4º:

No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar que garanta a reparación dos danos e prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca da madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende ( peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación do vial afectado, etc.). Esta garantía será devolta polo Concello, unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.

TERCEIRO: Aprobar definitivamente a redacción da ordenanza, que será o texto aprobado inicialmente coas modificacións descritas no apartado anterior, e que, de seguido, se transcribe:

**ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS RURAIS, CON MOTIVO DA EXECUCIÓN DE TALAS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA**

*Exposición de motivos*

O Concello de Mesía demostra interese e preocupación cara a xestión das súas masas arbóreas. As zonas de uso residencial atópanse difuminadas e mesturadas coas zonas forestais, de forma que en varias parroquias conviven os dous usos, practicamente en unidade xeográfica. Esta situación condiciona os usos do monte.

É prioritaria a protección das persoas, edificacións e instalacións fronte aos incendios forestais. A proximidade, orografía, climatoloxía e outros factores poden xerar situacións de risco que esixen unha resposta practicamente inmediata na exhibición dun incendio na súa etapa de conato. Para esta consecución é indispensable que os viais de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfectas condicións.

O uso dos camiños forestais é un dereito dunha importante comunidade de usuarios. Destacan ademais dos usos citados, os dos propietarios de montes para súas limpeza e mantementos, os usos cinxéticos e de simple disfrute. Preséntase na actualidade un número crecente de cidadáns que disfrutan da actividade ao aire libre, en diferentes usos que transitan por estes camiños.

Todo isto debe combinarse co uso silvícola. É conveniente, pero ao mesmo tempo debe ser controlado pola administración, dando conta da extracción da madeira, con ánimo de lucro, tanto no lugar da súa corta como seu traslado polos distintos viais do municipio, xerando en ocasións importantes desperfectos en zonas de uso común e público.

Respecto da Lei 3/2007, do 9 de decembro de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, en virtude da súa aplicación, ao atoparnos dentro dun termo municipal cun gran número de superficies de terreos afectadas, nas que cómpre unha xestión da biomasa vexetal e a adaptación de parte do seu arborado a unhas distancias de protección cara as vivendas, instalacións, edificacións e construcións, máis próximas, provocan severas actuacións sobre estes terreos e as súas plantacións, sobre todo en solos rústicos de protección paisaxística e forestal, incrementado ao mesmo tempo o uso dos viais e camiños forestais que transcorren ata os montes.

A habilitación desta ordenanza emana da potestade regulamentaria das entidades locais recoñecida no art. 4.1º.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, con respecto ás competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais (art. 25.2º.d), previndo o correspondente réxime sancionador polo incumprimento das súas determinacións e no



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*suposto de ocasionar danos e desperfectos nas infraestruturas, instalacións e espazos públicos, derivados da actividade madeirista.*

## *Artigo 1º.- Obxecto.*

*O obxecto desta ordenanza é a conservación dos camiños e vías rurais, con motivo da execución de talas e cortas de madeira no municipio de Mesía, así como a protección dos viais de acceso e demais infraestruturas anexas aos lugares da tala e o estado final da superficie talada. Tamén, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga, en relación co desenvolvemento da actividade e os posibles desperfectos producidos.*

## *Artigo 2º.- A comunicación de tala.*

*1.- Para garantir a preservación do medio ambiente e da conservación dos camiños e pistas rurais, é obrigatoria a comunicación de tala por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, cunha antelación mínima de quince días hábiles, sen prexuízo da obtención doutras autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a tala das plantacións forestais.*

### *2.- Na comunicación de tala, deberá constar:*

*- Data na que se procederá á tala e data en que rematarán tódolos traballos (incluíndo a retirada da madeira da parcela e dos restroballos resultantes).*

*- Identificación do propietario do monte e do madeireiro, con designación do representante deste no suposto de ser unha persoa xurídica.*

*- Especie da madeira obxecto de tala, así como toneladas a extraer.*

*- Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC do monte afectado e referencia catastral do mesmo, así como indicación do lugar de depósito e viais a utilizar para o transporte da madeira, debendo ter en conta a tal efecto o sinalado no art. 28 da Lei 3/2007, de incendios de Galicia.*

*- Identificación da/s empresa/s encargada/s da tala, depósito, carga e transporte da madeira (razón social, N.I.F., vehículos cos que se van a realizar as operacións de depósito, carga e transporte así como a indicación da súa marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado).*

*- Xustificante da solicitude de permiso de tala achegado previamente ante a Consellería competente en materia forestal, segundo modelo oficial.*

*- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que podan causarse con ocasión da corta e saca da madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente, no escrito de comunicación que presente, e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 4º.4.*

*3.- De calquera xeito, poderase facer unha comunicación de tala para varios montes ou parcelas catastrais, cando os traballos vaian a efectuarse de forma simultánea, debendo constar os datos de cada unha das parcelas nas que se vaia a realizar a tala segundo o establecido no art. 2º.2.*

*4.- As vías públicas non se poderán utilizar para almacenamento da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga, solicitando de ser o caso, o permiso municipal correspondente de ocupación de vía pública municipal, quedando suxeita ás taxas correspondentes. No suposto de referirse á vías de titularidade da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial da Coruña, con carácter previo deberá obter autorización destes organismos. Non obstante, as cunetas quedarán sempre limpas e en bo estado de utilización.*





## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Artigo 3º.- Actividades excluídas.*

*A efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de “talas forestais” os seguintes traballos:*

*Podas e refaldes en plantacións forestais*

*Desbroce e limpeza de predios.*

*Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos*

*Talas puntuais de exemplares de árbores ornamentais illadas.*

*Artigo 4º.- Requisitos e obrigas para os madeireiros ou propietarios que realicen a tala e o depósito, carga e transporte da madeira talada.*

*1.- Será o madeireiro encargado da tala o responsable dos desperfectos ocasionados nos lugares de tala, viais de acceso, instalacións ou demais infraestruturas anexas, como consecuencia tanto da tala como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado ao arranxo e reparación inmediata do deterioro producido nos mesmos, incluíndo a limpeza, retirada ou eliminación de residuos procedentes da tala e das operacións de carga e almacenamento. No suposto de non ser identificado o mesmo, quedará obrigado o propietario do monte ou parcela.*

*2.- As cantidades depositadas en concepto de garantía responderán da dita obriga, sen prexuízo de que no suposto de non ser suficientes, a diferenza recadarase en concepto de ingreso de dereito público, coa correspondente vía de constrinximento, de ser necesaria.*

*3.- Nos supostos previstos nos dous apartados anteriores, o madeireiro ou o propietario, deberán atender o requirimento de reparación ou limpeza que efectúe o concello, e no que se lles outorgará un prazo de quince días hábiles, para a realización dos traballos de reparación e e limpeza que procedan.-*

*4.- No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar que garanta a reparación dos danos e prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca da madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende ( peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación do vial afectado, etc.). Esta garantía será devolta polo Concello, unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.*

*5.- As correspondentes garantías deberanse depositar na Tesourería Municipal mediante: fianza en metálico, aval solidario e por tempo indefinido, seguro de caución nos termos previstos para o depósito de aquelas pola normativa reguladora de contratos do sector público.*

*A devolución das ditas garantías, deberá ser solicitada polos depositarios, requirindo previamente á resolución, informe dos Servizos Técnicos Municipais, no que se deixe constancia de que non foron ocasionados desperfectos nas vías, servizos e infraestruturas públicas municipais.*

*6.- Excepcionalmente, esta administración poderá limitar ou denegar o acceso polos viais solicitados por mor da capacidade de resistencia do firme da vía ou do seu mal estado, ou pola utilización dos ditos viais na data solicitada para outros fins, o que se porá en coñecemento do solicitante de forma motivada, coa achega do correspondente informe técnico no prazo máximo de quince días dende a comunicación de tala, debendo realizar posteriormente unha nova comunicación de tala en caso de ser denegado o dito acceso.*

*Artigo 5º.- Potestades da administración*

*Unha vez que o Concello teña coñecemento da produción de danos ou da acumulación de residuos vexetais combustibles, e así sexa constatado polos servizos técnicos no correspondente*





# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*informe, previo o debido requirimento, o órgano municipal competente, poderá realizar con cargo á garantía depositada, as operacións de reparación, acondicionamento ou retirada de residuos, previa audiencia do interesado polo prazo de dez días hábiles, sen prexuízo de recadar as cotas correspondentes en concepto de ingreso público, se os custes da dita operación non fosen totalmente cubertos co importe da garantía depositada.*

*O anterior, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.*

## *Artigo 6º.- Réxime sancionador*

*Constitúen infraccións administrativas, as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece esta ordenanza.*

*O procedemento sancionador, suxeitarase ao previsto no RD 1398/1993, de 4 de agosto, regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, iniciárase mediante resolución motivada da Alcaldía, sendo o prazo máximo de resolución e notificación seis meses, transcorridos os cales, producirase a caducidade do procedemento con arquivo das actuacións, sen prexuízo do inicio dun novo expediente cando a infracción non prescribise.*

*En calquera caso, con carácter previo á finalización do procedemento sancionador, a proposta do interesado, poderá efectuarse o remate convencional do procedemento, dando lugar á redución da sanción ata un 50%, sempre e cando este recoñeza súa responsabilidade e repare o dano ocasionado e/ou repoña os feitos que deron lugar ao expediente sancionador, no prazo que a tal efecto se fixe polo órgano municipal competente, renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación ao respecto.*

*A resolución que poña fin ao procedemento sancionador identificará aos responsables dos feitos, coa imposición das sancións individualizadas que procedan, ordenando de ser o caso os traballos de reposición, de reparación ou de limpeza das vías, servizos e infraestruturas que procedan, que poderán executarse con cargo ás garantías depositadas.*

## *Artigo 7º.- Responsabilidade*

*Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas que as cometan en cualidade de madeireiro ou propietario do monte ou parcela.*

*En todo caso, será responsable o propietario no suposto de non identificar ao madeireiro, sinalando o seu NIF ou CIF e enderezo, cando sexa requirido polo concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación.*

## *Artigo 8º.- Clasificación das infraccións e sancións.*

*1. As infraccións administrativas desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.*

*2. As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:*

*Infracción leve: ata 300 euros.*

*Infracción grave: de 301 a 1.000 euros.*

*Infracción moi grave: de 1.001 a 3.000 euros.*

*3. Para a clasificación das infraccións e a determinación da contía da sanción, teranse en conta as seguintes circunstancias:*

*A existencia de intencionalidade ou reiteración.*

*A natureza dos danos causados.*

*A reincidencia no prazo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza.*

*A transcendencia social da infracción.*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

### *Artigo 9º.- Competencia.*

*A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes por infracción desta ordenanza, corresponde ao Alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, debendo nomearse instrutor/a ou secretario/a do mesmo, para os efectos de garantir a debida separación entre a fase instrutora e a resolutoria.-*

### *Artigo 10º.- Infraccións.*

#### *1.-Constitúen infraccións moi graves:*

*A realización de ditas actividades sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.*

*Non proceder á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.*

#### *2.-Constitúen infraccións graves:*

*Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a tala da madeira.*

*Non achegar ou falsear os datos que se esixen segundo o artigo 2º desta ordenanza.*

*A non comunicación da tala por parte do madeireiro no prazo sinalado..*

*A reincidencia na comisión de tres infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano.*

*A realización dos traballos de tala sendo denegada previamente a utilización da vía pública para a realización dos mesmos.-*

*O incumprimento polo propietario do monte ou parcela da obriga de identificar ao madeireiro.*

#### *3.-Constitúen infraccións leves:*

*Calquera acción ou omisión que infrinxa as disposicións desta ordenanza e non estea tipificada expresamente nela como moi grave ou grave.*

*4.- A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá aos responsables dos feitos de repoñer a realidade física alterada, e de realizar os traballos de reparación e limpeza que a tal fin sexan sinalados na resolución que se dite.*

### *Artigo 11º.- Prescrición das infraccións.*

*1.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.*

*2.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.*

#### *Disposición Final.*

*A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*CUARTO: Publicar a redacción definitiva da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.*

*En Mesía, 31 de xullo O Alcalde,Asdo./Mariano Iglesias Castro"*

Manifesta o Sr. Alcalde que no prazo de exposición pública da antedita ordenanza presentouse a alegación que se sinala, na que se alegaba falta de competencia do concello para aprobala, así como infracción dos principios de igualdade e legalidade, extremos que



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

non poden aceptarse, si ben si consideramos estimar a posibilidade de que os madereiros que xa dispoñan dun seguro non teñan que prestar fianza. Queda claro que o único que se pretende facer con esta ordenanza é ter algunha garantía para conservar os nosos viais.

Manifesta o Sr. Álvarez que o seu grupo está a favor, xa que o concello ten a obriga de protexer os seus viais, ben esixindo o seguro correspondente ou, no seu defecto, mediante aval.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación e obtense o seguinte resultado: apróbase por unanimidade de concelleiros presentes

### **7. INFORME DE INTERVENCIÓN SEGUNDO TRIMESTRE EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

Manifesta o Sr. Alcalde que este informe está a súa disposición todos os trimestres por se querer poñer de manifesto calquera cuestión en relación co mesmo. Eu destacaría a non existencia de obrigas pendentes de pago de máis de tres meses e a inexistencia de intereses de demora.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

### **8. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE UNHA NOVA REGULACIÓN DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN LOCAL.**

O Sr. Alcalde da conta da moción que, de seguido, transcríbese literalmente:

#### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Dende a aprobación da Constitución de 1978, con acordo, diálogo e consenso construímos e consolidamos entre todos unha España democrática. Estes foron os principios polos que se acometeron as reformas que afectaban á estrutura institucional do Estado.*

*Durante este tempo pasamos por momentos difíciles nos que mesmo o noso modelo de convivencia democrática se puxo en xogo, afrontamos xuntos os efectos das crises económicas, e precisamente vencemos e superamos esas dificultades grazas aos esforzos de toda a cidadanía e da unidade dos Grupos políticos.*

*Durante estes 32 anos de Concellos democráticos, o ámbito local foi un bo exemplo de como se pode gobernar, defendendo os intereses dos veciños, xuntando vontades políticas, buscando a colaboración e a cooperación e os resultados foron visibles no progreso dos nosos pobos e cidades.*



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*A autonomía local foi un referente avalado pola Constitución e pola Carta Europea como garantía de democracia, de cohesión social e da articulación dun país, historicamente desigual no social e no económico.*

*Entre todos deseñamos un modelo local capaz de dar máis e mellores servizos aos cidadáns, conformamos entidades locais que son exemplo de participación, de convivencia e de solidariedade, contribuíndo a garantir a cohesión social en todo o territorio a través da xestión de servizos e prestacións no ámbito local, dende a proximidade e a solidariedade.*

*Dende a súa creación a Federación Española de Municipios e Provincias – FEMP, e mesmo a Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP, consolidáronse como lugar de encontro, entendemento e consenso de todos aqueles que por principios e vocación se senten municipalistas, mantendo como obxectivo o fomento e defensa da autonomía das Entidades Locais.*

*Os Concellos non son responsables do déficit do Estado. Nin no seu conxunto, nin nas Administracións Públicas. Pódense aportar as cifras e a porcentaxe sobre o total de endebedamento.*

*Mesmo se chega a criminalizar aos concellos como responsables últimos dunha crise da que eles pouco ou nada teñen que ver. Durante as últimas semanas difúndense diversas opinións ou declaracións que semellan poñer en dúbida o bo e correcto funcionamento dos Concellos e o traballo que día a día, e na inmensa maioría das ocasións sen recibir remuneración algunha, miles de Alcaldes/esas e concelleiros/as fan nos seus pobos e cidades.*

*Un traballo municipal e veciñal dun incalculable valor se observamos o servizo que prestan aos cidadáns, servizos que non se poden avaliar empiricamente, servizos cuxo principal valor está en que se prestan porque a proximidade aos cidadáns lles permite coñecer e dar axeitada resposta aos seus problemas.*

*A cidadanía, nas urnas, co seu voto, axuíza o labor dos seus Alcaldes, das súas Casas do Concello, ten nas súas mans decidir o goberno do seu pobo ou cidade, elixir ós homes e mulleres que deben tomar as decisións sobre a xestión dos servizos públicos prestados, sobre o investimento e sobre a execución de infraestruturas municipais.*

*A cidadanía ten nas súas mans decidir se os que toman as decisións deben seguir facéndoo: a esixencia dos cidadáns de maior ética e transparencia aos representantes políticos debe ser contestada axeitadamente para así facer fronte aos ataques que dende posicións interesadas e con intereses espurios se está a facer da política e da democracia local.*

*Compartimos que as leis que regulan o ámbito local necesitan dunha revisión que aborde a repartición de competencias, o financiamento, as retribucións dos Alcaldes e Concelleiros (as daqueles que as reciben), a simplificación administrativa, as funcións das entidades locais intermedias e avanzar na transparencia e a participación cidadá.*

*Como sinala a Comisión Executiva da FEGAMP, no seu acordo de 18 de xullo deste ano, a nova regulación estatal debe solucionar os problemas do municipalismo en Galicia, onde a necesidade dun cambio de financiamento, tendo en conta a dispersión poboacional, é fundamental.*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Ademais, esta nova regulación estatal debe respectar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en xestión e ordenación da Administración Local, así como os principios contidos na Carta Europea de Administración Local ratificada por España no 1988.*

*Polas nosas conviccións democráticas, por respecto e coherencia á nosa historia compartida durante estes anos e sen dúbida polos veciños aos que representamos, este traballo debémolo facer dende o diálogo e dende o consenso para garantir que os nosos concellos poidan seguir prestando os servizos que esperan de nós os cidadáns e para garantir a democracia do noso país.*

*Por todo iso, presentamos ante o Pleno para o seu debate e aprobación, se procede, dos seguintes ACORDOS:*

- 1. Reafirmar a importancia das entidades locais que nunha realidade tan complexa, diversa e difícil, están a contribuír de forma inequívoca a vertebrar o territorio, contribuír á cohesión social, e prestar servizos esenciais e básicos, descentralizados e de proximidade para todos.*
- 2. Rexeitar calquera reforma da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e da Lei Electoral (LOREG) que veñan a limitar a autonomía municipal, recoñecida pola Constitución, e que pretenda restar capacidade de decisión á cidadanía sobre a administración local e os seus representantes.*
- 3. Defender a nosa autonomía municipal, como o máis eficaz instrumento para facer realidade o principio de igualdade de oportunidades, ao mesmo nivel de importancia que as outras administracións públicas e a necesidade de abordar en profundidade o debate sobre as necesarias competencias municipais e o seu financiamento axeitado.*
- 4. Defender unha reforma do Réxime Local que xurda do debate político coas Corporacións Locais e do consenso que presidiu a vixente lexislación. Os Concellos teñen personalidade xurídica plena e son gobernados e administrados polas Corporacións (artigo 140 da Constitución Española). Non cabe expropiación das súas competencias en favor doutras institucións.*
- 5. Transmitir a todos os concellos e aos seus veciños, especialmente aos municipios máis pequenos, o noso apoio e recoñecemento polo labor que veñen facendo para manter o territorio rural e a súa poboación de forma equilibrada e sostible para toda a sociedade.*
- 6. Dar traslado deste acordo para a súa toma en consideración ao Goberno de España, ao Goberno da Xunta de Galicia, aos Grupos Políticos do Congreso e do Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP.*

*Mesía, 26 de xullo de 2012 Asdo.: Mariano Iglesias Castro*

Manifesta o Sr. Alcalde que esta é unha moción tipo que estase a levar a todos os concellos, si ben eu retirei algunhas cuestións que podías ser molestas para algúns grupos da Corporación. Independentemente das nosas siglas, debémonos ós nosos veciños, creemos na administración local defendéndoa de intromisións.





## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Álvarez que non sei o que quitou, pero nestes momentos non é cuestión de polemizar, somos municipalistas convencidos, senón non estaríamos aquí, e sabemos que os concellos prestan máis servizos dos que poden en relación ás dotacións orzamentarias e de persoal de que dispoñen, polo que, aínda que entendemos que hai que buscar fórmulas máis eficaces, imos votara favor, se ben gustaríanos introducir un punto mais:

7. *Dirixirse ao Goberno de España para que reconsidere as medidas propostas polo informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a Reforma da Lei de Bases de Réxime Local e para que se abra unha negociación coa FEGAMP e coa FEMP, coa participación das Comunidades Autónomas co obxectivo de aprobar unha nova normativa en materia de réxime local que, partindo do recoñecemento da autonomía política e administrativa dos gobernos locais, permita ter en conta a problemática específica dos municipios galegos ao tempo que contribúa a eliminar as duplicidades existentes entre os diversos niveis de goberno, asegurando o recoñecemento de competencias ás entidades locais e un marco financeiro acaído para o exercicio das mesmas.*

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción coa incorporación do punto 7 proposto polo Sr. Álvarez, e obtense o seguinte resultado: apróbase por unanimidade de concelleiros presentes.

### **9. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SITUACIÓN CRÍTICA DO SECTOR LÁCTEO EN GALICIA.**

O Sr. Alcalde da conta da moción que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“Visto o escrito remitido polas organizacións profesionais agrarias: Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores e Sindicato Labrego Galego ao Grupo de Goberno do Concello de Mesía, sobre a situación crítica do sector lácteo en Galicia, o Grupo Municipal Socialista de Mesía, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a MOCIÓN que a continuación se recolle:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O rural de Galicia afronta un tempo de incertezas económicas agravado, en boa medida, polo diferencial de prezos do leite con España e Europa. Os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite de toda España. En maio de 2012 os gandeiros galegos recibiron 29,2€/100 litros, que está un 5,5% por baixo do prezo medio estatal e un 15,61% por baixo do que perciben os produtores valencianos. As diferenzas de prezo entre Comunidades Autónomas danse incluso entre gandeiros que entregan á mesma empresa.*



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

EVOLUCIÓN DE PRECIOS €/litro (medias ponderadas)														ponderadas)
Comunidad Autónoma	PERIODO 2011/2012												2012/2013	
	Abr.	May.	Jun.	Jul.	Ago.	Sep.	Oct.	Nov.	Dic.	Ene.	Feb.	Mar.	Abr.	Mayo
Andalucía	0,350	0,349	0,343	0,340	0,341	0,352	0,358	0,363	0,364	0,364	0,363	0,354	0,352	0,345
Aragón	0,325	0,323	0,324	0,324	0,327	0,335	0,347	0,347	0,347	0,347	0,344	0,337	0,321	0,312
Asturias	0,327	0,328	0,338	0,337	0,334	0,337	0,342	0,346	0,346	0,346	0,348	0,346	0,345	0,329
Baleares	0,295	0,294	0,295	0,293	0,298	0,300	0,304	0,306	0,303	0,300	0,304	0,298	0,297	0,303
Cantabria	0,303	0,302	0,313	0,301	0,302	0,308	0,319	0,321	0,334	0,317	0,315	0,310	0,300	0,294
Castilla-La Mancha	0,331	0,328	0,329	0,327	0,331	0,341	0,354	0,357	0,360	0,355	0,352	0,346	0,337	0,331
Castilla y León	0,316	0,315	0,312	0,316	0,321	0,331	0,337	0,339	0,341	0,336	0,331	0,323	0,319	0,314
Cataluña	0,323	0,318	0,333	0,322	0,325	0,348	0,341	0,342	0,362	0,343	0,343	0,340	0,325	0,318
Extremadura	0,343	0,338	0,335	0,335	0,336	0,343	0,352	0,357	0,358	0,353	0,354	0,346	0,345	0,338
Galicia	0,303	0,303	0,303	0,305	0,306	0,313	0,320	0,323	0,323	0,318	0,315	0,309	0,299	0,292
Madrid	0,319	0,319	0,317	0,316	0,322	0,331	0,342	0,343	0,346	0,341	0,339	0,332	0,326	0,318
Murcia	0,327	0,327	0,328	0,327	0,326	0,332	0,335	0,335	0,335	0,333	0,330	0,325	0,317	0,316
Navarra	0,319	0,316	0,318	0,324	0,324	0,332	0,341	0,340	0,340	0,333	0,332	0,324	0,317	0,310
País Vasco	0,321	0,318	0,320	0,319	0,318	0,326	0,334	0,338	0,338	0,338	0,336	0,329	0,329	0,324
La Rioja	0,330	0,325	0,322	0,327	0,335	0,340	0,357	0,352	0,364	0,353	0,351	0,327	0,321	0,293
C.Valenciana	0,348	0,347	0,348	0,345	0,347	0,354	0,360	0,360	0,360	0,360	0,360	0,354	0,350	0,346

Fonte: FEGA

Respecto do prezo percibido polos gandeiros galegos é un 5,48% inferior ao de Portugal, un 1,10% inferior ao de Francia, un 5,65% inferior ao de Alemaña e un 12,16% inferior ao de Holanda.

## PRICES of Cow's raw milk in EURO/100 kg

05-jul-12

Source : Regulation (EC) No 479/2010 Article 2

	dk	de	es	fr	ie	it	lu	nl	at	pt	uk	Arithmetic averages				Weighted EU Average	% compared to previous month (*)
												EU-15	EU-10	EU-2	EU-27		
	Denmark	Germany	Spain	France	Ireland	Italy	Luxembourg	Netherlands	Austria	Portugal	U.K.	Avg. EU-15	Avg. EU-10	Avg. EU-2	Avg. EU-27		
2011m01	35,00	33,12	30,97	33,20	31,78	37,46	31,82	35,65	34,99	30,96	29,54	34,52	32,34	29,85	33,84	33,2	- 0,3%
2011m02	34,50	33,20	30,97	33,06	32,92	37,48	31,63	35,65	34,62	31,14	29,91	34,68	32,94	29,98	34,08	33,3	+ 0,4%
2011m03	34,50	34,06	30,87	32,08	32,44	37,61	31,70	36,00	34,37	31,02	29,80	34,45	33,27	30,62	34,24	33,3	- 0,1%
2011m04	34,50	34,20	30,68	30,41	32,15	38,38	32,04	36,00	34,15	30,65	29,06	34,31	33,69	30,88	34,32	33,0	- 0,8%
2011m05	35,50	34,44	30,49	30,53	32,05	38,37	31,87	38,00	34,63	30,58	29,17	34,54	33,41	30,33	34,34	33,2	+ 0,8%
2011m06	35,50	34,39	30,78	33,72	33,31	38,37	31,88	38,00	34,56	30,58	29,18	34,95	32,87	29,43	34,34	33,8	+ 1,6%
2011m07	36,00	34,53	30,68	35,44	33,70	38,80	31,86	38,00	34,59	30,51	29,82	35,13	32,76	29,36	34,42	34,2	+ 1,3%
2011m08	36,50	34,74	30,87	35,64	34,57	38,80	32,72	37,25	34,60	30,69	30,55	35,71	32,62	29,63	34,72	34,4	+ 0,5%
2011m09	36,00	35,48	31,65	36,41	37,00	39,00	33,89	36,25	35,48	31,99	31,21	36,36	32,67	30,02	35,12	34,8	+ 1,2%
2011m10	36,50	36,43	32,23	33,65	38,26	39,04	34,50	37,00	36,74	32,22	32,39	36,83	33,25	31,66	35,68	34,9	+ 0,4%
2011m11	37,00	36,90	32,52	33,13	37,97	39,07	35,08	37,25	38,03	32,42	33,25	37,02	33,51	31,55	35,86	35,1	+ 0,6%
2011m12	36,50	35,71	32,82	32,33	35,84	39,05	34,53	37,50	38,12	32,17	33,74	36,78	33,52	31,97	35,70	34,7	- 1,2%
2012m01	36,00	33,75	32,33	34,19	34,48	39,05	33,42	36,50	37,17	32,08	33,80	36,27	33,49	31,57	35,37	34,4	- 1,0%
2012m02	35,00	33,40	32,14	34,47	34,28	39,63	33,77	35,75	37,08	31,89	33,54	36,10	33,91	31,09	35,37	34,4	+ 0,0%
2012m03	34,00	32,70	31,46	32,74	33,41	39,63	33,14	34,25	36,48	30,94	33,38	35,13	33,49	30,28	34,58	33,5	- 2,5%
2012m04	34,00	31,95	30,78	29,90	30,88	39,63	32,30	33,75	34,78	31,18	32,86	34,27	32,30	28,32	33,53	32,3	- 3,5%
2012m05	34,00	30,85	30,78	29,52	28,84	39,63	29,63	32,75	33,73	30,80	32,57	33,48	31,03	27,36	32,61	31,6	- 2,3%
2012m06								32,00									
MEDIA	35,35	34,11	31,35	32,97	33,76	38,76	32,69	36,21	35,54	31,28	31,40	35,32	33,01	30,23	34,59	33,8	
Xaneiro 2011 - Maio 2012																	

Fonte: CIRCA. UE

Esta situación que se veu agravada pola suba dos custos de produción e a seca que vivimos a última primavera. Así, nos últimos anos, os custos de produción e o prezo do leite evolucionaron de maneira moi diferente: os fertilizantes, os combustibles, a electricidade e o penso para vacún de leite experimentaron subas espectaculares mentres que o prezo do leite apenas experimentou cambios. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un 29,6% (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Índice de prezos percibidos e pagados. Ano 2005 = 100

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Leite	100	99,7	123	124	93,2	96,2	100,9
Alimentos gando	100	101,2	115,6	133,3	112	115,5	133,9
Fertilizantes	100	103,6	110,2	181,8	150,7	133	160,2
Enerxía	100	107,8	111,1	133,6	106,3	127	150,4

Fonte: MAGRAMA

*Estes factores debuxan, en definitiva, un escenario pouco alentador para os que vivimos do sector primario en Galicia. Tal é así, que o lácteo galego está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que da emprego a mais de 66.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, entre emprego directo, indirecto e inducido, asentado no rural, en pequenos autónomos, en actividades coma a construción, o comercio, a hostalería, talleres, servizos de contratación de maquinaria e outros. É un feito ben sabido que moitas das comarcas do rural galego teñen unha total dependencia económica do sector, pois a redución nos ingresos do leite reduce á súa vez os ingresos doutras actividades das zonas rurais, que contribúen de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.*

*As organizacións de produtores trasladámoslle ao Presidente da Xunta de Galicia o pasado día 5 de xuño no marco da Mesa do Leite, a necesidade de impulsar diante do Goberno do Estado unha iniciativa política urxente e contundente que impida o estrangulamento financeiro do sector lácteo. Así mesmo, fixemos fincapé na importancia do impulso dun acordo entre industria, produtores e Administración para acadar unha postura común diante da distribución de cara a impedir que as explotacións galegas, a pesar de teren un mercado de proximidade deficitario de leite, vexan como as francesas perciben un maior prezo a pesar de estar nun marco claramente excedentario.*

*A día de hoxe seguimos sen solucións, e a situación do sector é aínda máis sombría, xa que dende entón, producíronse novas baixadas de prezos ó produtor, e pola contra, as materias primas para a fabricación de pensos, seguiron disparándose, especialmente a soia.*

*Polo exposto, presentamos ante o Pleno da Corporación Municipal de Mesía, para o seu debate e aprobación o seguinte paquete de MEDIDAS:*

*1º Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.*

*2º Que no exercicio das súas responsabilidades tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Francia.*

*3º A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3º *Que formule nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.*

4º *Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.*

Mesía, 26 de xullo de 2012 Asdo.: Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que esta moción é unha transcripción literal do escrito que consensuaron as tres organizacións que constan no escrito, polo que, si les están de acordo, si lles parece, admitimos o texto como está.

Manifesta o Sr. Álvarez que si as asociacións chegaron a un acordo sería necio pola nosa parte non ser sensibles con este tema nun concello con un millón de vacas e tantas familias vivindo deste sector, aínda que boto de menos unha referencia ás explotacións orientadas ó sector cárnico.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación e obtense o seguinte resultado: apróbase por unanimidade de concelleiros presentes

### **10. MOCIÓNS.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

### **11. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (140/2012 a 210/2012).**

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

### **12. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 24 DE MAIO, 7 DE XUÑO, 21 DE XUÑO E 5 DE XULLO DE 2012.**

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros teñen copia das actas, dálle a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

### **13. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non hai rogos nin preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,